

— Evolución económica do sector

INTRODUCCIÓN

A elaboración do *Estudo de necesidades de formación do sector téxtil e confección en Galicia* precisa, como paso previo á análise dos procesos produtivos e perfís ocupacionais existentes, a definición e delimitación do marco socioeconómico no cal se insire e desenvolve este sector.

Quizais é coñecido por todos o papel importante que o mundo da moda desempeña dentro da industria galega, cunha clara proxección nacional ligada a unha serie de nomes destacados, tanto de empresas como de deseñadores. Esa realidade, porén, susténtase sobre unha base produtiva esencial, moi importante en volume tanto de empresas como de traballadores, o devir da cal ten un impacto económico e social fundamental na sociedade galega.

Son diferentes os factores ou elementos que definen as principais características do téxtil e confección en Galicia. Algúns deles son de natureza esóxena, pois responden a comportamentos ou tendencias detectadas no ámbito internacional, e que dunha ou doutra maneira inciden tanto na evolución recente do sector como no seu camiñar futuro. Outros pertencen ao grupo de factores endóxenos, propios da idiosincrasia do téxtil e confección, que determinan en esencia os trazos estruturais máis relevante e definitorios, e sobre os cales calquera decisión que incida neles ten carácter de estratexia.

Delimitar e definir a evolución económica do sector téxtil e confección en Galicia nos últimos anos, facendo especial incidencia no período 1998-2001, e trazar as liñas básicas da estrutura produtiva e comercializadora deste é o principal obxectivo da primeira parte do estudo. Con tales argumentos estamos en disposición de debuxar as principais liñas definitorias das tendencias futuras no campo socioeconómico, pois baseándose nelas estruturárase o tecido produtivo.

A elaboración destes contidos parte da análise dun grupo de variables concretas, en torno ás cales se complementa a información obtida de diferentes fontes documentais. Desta maneira, a evolución económica e estrutura actual do sector configúrase baseándose en:

- Número de empresas, diferenciando tipoloxías en función do caso concreto
- Volume de traballadores
- Nivel de facturación
- Valor engadido
- Valor engadido por empregado

Outro tipo de variables como a distribución do peso de cada unha das actividades, tamaño empresarial ou localización son tamén esenciais para entender o marco produtivo do téxtil e confección en Galicia.

A análise de cada unha das variables comentadas, e a súa interrelación, debuxan a estrutura actual do téxtil e confección en Galicia. A evolución destas, xunto co estudo dos factores externos de especial incidencia, permite en conxunto delimitar as tendencias futuras e discernir a súas consecuencias, directas ou indirectas, no emprego e formación.

3.1. MARCO SOCIOECONÓMICO

A análise da situación socioeconómica e laboral do sector téxtil e confección en Galicia precisa previamente da definición do escenario no que se insire, isto é, describir a grandes trazos o marco económico nacional e internacional de sustento. Desta maneira resulta ineludible facer mención tanto da situación actual como tendencias da economía en xeral, así como da industria téxtil e confección en particular, incidindo especialmente nos principais elementos característicos.

No ámbito nacional, o sector téxtil e da confección considérase unha das actividades denominadas maduras (con ampla experiencia e tradición, localizada principalmente en determinadas áreas da xeografía española, e forte consolidación na rede industrial nacional). De forma simultánea, demostra ademais unha elevada capacidade de innovación e avance en distintos campos: tecnoloxía, produción, organización...

Se analizamos a situación nun contexto socioeconómico mundial, é necesario facer referencia a unha serie de pautas e/ou elementos que condicionaron e condicionan o desenvolvemento do sector. Estas pautas reforman a estrutura produtiva e de comercialización a escala mundial, e por ende marcan o camiño que debe seguir a industria nacional, e no noso caso particular a galega. Os cambios máis relevantes acontecidos neste ámbito son:

- I. A globalización, entendida principalmente como a crecente interconexión entre as diferentes economías mundiais. Se ben o fenómeno non é recente, si se detecta unha aceleración na década dos anos 90 debido principalmente a unha serie de factores: aparición na escena mundial de novos países en vías de desenvolvemento, reforzo e consolidación de China como potencia económica, mellora paulatina das comunicacións...
- II. A liberalización dos intercambios. As sucesivas roldas do GATT, agora OMC, foron debuxando un marco de maior apertura dos mercados internacionais, e como consecuencia un incremento e intensificación dos intercambios, en maior medida có incremento da produción. Este proceso culminará, no que respecta ás barreiras cuantitativas, no ano 2005 coa eliminación total das cotas ás importacións.
- III. Especialización rexional. As relacións comerciais e os intercambios entre países están cada vez máis condicionados polos procesos de especialización rexional que se están a desenvolver en diferentes partes do mundo (acentuación ou potenciación das relacións comerciais dun país ou área concreta con determinados países ou áreas económicas). Este proceso está potenciado pola política desenvolvida por determinados países (cada vez en maior número) tendente á deslocalización produtiva dalgunhas fases do proceso produtivo (principalmente aquelas máis intensivas en man de obra), procurando unha redución dos custos laborais.
- IV. A internacionalización das empresas. No marco da crecente liberalización dos intercambios, e como consecuencia do incremento de fluxos comerciais entre países e do aumento da competitividade a nivel mundial, a estratexia a seguir polo sector pasa ineludiblemente por potenciar a presenza de empresas nacio-

nais en mercados internacionais, fomentando as vendas no exterior (contrarestando en parte o incremento das importacións producido como efecto inmediato á apertura dos mercados).

Gañar cota de participación en mercados internacionais significa tamén, pola parte correspondente a produción, incrementar a presenza de fábricas e centros produtivos en terceiros países, para acadar desta maneira vantaxes competitivas tanto en produción como en acceso aos mercados.

Toda a estratexia de internacionalización ten como base un factor clave e fundamental: a mellora do nivel competitivo das empresas, tanto no relativo ao proceso, produto (deseño e calidade) como á distribución.

- V. Evolución recente. Observando o sector en termos evolutivos, é importante destacar a crecente representatividade que protagonizan os países en vías de desenvolvemento, principalmente asiáticos (liderados por China), na industria téxtil e de confección a nivel internacional, importancia medida tanto en volume de produción como en cifras de intercambios comerciais. En peso, hoxe por hoxe os países en vías de desenvolvemento superan aos países desenvolvidos.

A deslocalización produtiva é un dos elementos máis destacables do proceso de internacionalización das empresas. Na procura dunha redución de custos salariais, excesivamente ríxidos no sector, moitas empresas procuran novas fórmulas de organización da produción, buscando con iso unha maior flexibilización laboral. Esta flexibilización implica unha transformación de custos fixos en variables, isto é, facer depender os custos laborais do nivel de produción, reducindo desta maneira o custo medio. O marco de globalización económica e crecente liberalización dos mercados é realmente apropiado para abordar unha estratexia deste tipo, máxime cando entran en competencia novos países con custos produtivos mínimos, ás veces inalcanzables.

Iniciarse hoxe en día no mundo do téxtil e confección supón incorporarse a un sector cunhas características definitorias consolidadas, enmarcadas nun contexto xa descrito de globalización económica, liberalización dos mercados e deslocalización da produción. Algún destes elementos son:

- O mercado obxectivo do sector está maioritariamente cuberto, en moitos casos con exceso de produción, se ben as posibilidades de entrar nel aumentan dependendo da diversificación produtiva, especialización en determinados segmentos e produción flexible que procure un abaratamento dos custos.
- A posibilidade de actuar no marco das barreiras arancelarias é moi reducida, vista a próxima derogación do Acordo Multifibras a partir do ano 2005.
- A combinación de factores produtivos dentro do proceso realízase ao máis alto nivel, isto é, co maior grao de innovación posible.
- A estrutura produtiva camiña cara un modelo de deslocalización da produción, avalado ou posibilitado polo progresivo abaratamento dos custos de transporte e comunicacións. Os países desenvolvidos concentran o deseño, a xestión, o marketing, I+D, a comercialización... mentres que progresivamente desvían a manufactura cara a países de man de obra máis barata, reducindo desta maneira os custos laborais.

Outra serie de trazos complementan e delimitan o marco produtivo do sector no ámbito nacional. Son:

- O téxtil e confección establécese nun marco de economía aberta e déficit comercial.
- A clientela é, polo xeral, madura, isto é, coñece os produtos e as súas prestacións.
- Un elemento importante que condiciona quizais o desenvolvemento futuro de determinadas actividades dentro do sector é a diminución progresiva da proporción de gasto correspondente a vestuario dentro da estrutura de orzamentos das familias.
- Esa demanda está composta, dende o punto de vista das necesidades, por dúas variantes: compra por reposición, e por impulso, esta última condicionada en maior medida pola evolución da economía e da renda familiar.
- Crecen en importancia elementos intanxibles como o deseño e a marca.
- No ámbito puramente restrinxido á produción, a segmentación de mercados de materia prima, produto intermedio e final perde nitidez de maneira progresiva.

Fronte ao panorama de crecente competitividade a escala mundial, e aproveitando as vantaxes da deslocalización produtiva, o sector mira cara ao futuro buscando novos elementos ou factores de desenvolvemento continuado. A aposta polas actividades de maior valor engadido dentro do sector, engadido á incorporación a todos os niveis de grandes doses de innovación (en proceso, produto, comercialización, formación...) é a vía alternativa pola que se decantan as empresas nacionais e sobre a cal se debuxa un perfil de empresa de gran dimensión, con imaxe de marca avalada cun deseño e calidade de produto, e a adopción de novas vías de comercialización que permitan manter ou incrementar marxes comerciais.

De cara aos vindeiros anos, o escenario mundial continúa en esencia coas mesmas pautas de desenvolvemento, acompañadas ou condicionadas por novos retos derivados de futuros cambios. Evidentemente non é tarefa doada perfilar con detalle un escenario de actuación para os próximos anos, mais si é posible definir unha serie de pautas ou claves que seguramente marquen tendencias en diferentes campos: produción, comercialización, tecnoloxía.. Algúns dos elementos clave son:

- *A fin das limitacións cuantitativas*

Eliminación definitiva das restricións cuantitativas aos intercambios comerciais entre países de produtos téxtiles e de confección, o cal orixinará como efecto inmediato un novo incremento das importacións e unha acentuación da caída de prezos. É preciso aclarar que esta eliminación só afecta ás cotas, mais a protección arancelaria en países en vías de desenvolvemento aínda continúa na forma de taxas especiais, tarifas...

- *A ampliación da UE*

A vindeira ampliación da UE no ano 2004, coa incorporación de 10 novos países, supón un cambio que, se ben non parece ofrecer excesivas consecuencias a curto prazo (pois en moitos campos estes países xa posúen relacións comerciais

intensas coa UE), si é previsible que a longo prazo se produza unha acentuación da tendencia á deslocalización produtiva (opción maiormente utilizada quizais polos países do contorno).

Neste contexto, non é arriscado afirmar que esta mesma ampliación supón unha oportunidade para o sector nacional en xeral, e galego en particular, no sentido de que se abren novos mercados para a venda de produtos. Se ben é certo que a renda *per capita* dos novos países non permite falar dun mercado potencialmente elevado, si é factible considerar unha lixeira posibilidade de incremento ou ampliación de mercado.

- *A rexionalización dos intercambios*

Acentuación do proceso xa iniciado en anos anteriores de consolidación das relacións comerciais de determinados países con áreas económicas concretas.

Neste contexto, e aglutinando todos estes elementos, forzosamente resumidos nunha progresiva liberalización dos mercados internacionais e a ampliación da UE cara ao leste, configuran un novo reto para o sector, que deberá acometer un renovado impulso baseado en 2 eixes fundamentais:

- i. A innovación, como factor competitivo básico e esencial

O proceso de innovación inclúe neste caso diversos elementos, a posta en marcha conxunta dos cales deriva principalmente nun incremento do peso do sector a nivel nacional e internacional. Innovación significa aposta pola investigación, impulso ao desenvolvemento de elementos intanxibles como a calidade e o deseño, reestruturación e fomento da formación (que adquire unha dimensión de estratexia de desenvolvemento) e potenciación do espírito emprendedor, todo isto engadido á creación dun contorno favorable á mellora da competitividade.

- ii. A internacionalización

A pesar do grande esforzo realizado dentro do proceso de internacionalización das empresas nacionais, é constatable aínda que o sector está moi lonxe do nivel acadado por outros países. A aposta debe continuar nesta liña, aproveitando as distintas oportunidades que ofrece o mercado mundial.

3.2. ANÁLISE ECONÓMICA

O estudo da situación actual e evolución recente do sector téxtil e confección en Galicia utiliza como fonte de datos e información de detalle a Base de datos de Ardán, para os anos 1998, 1999, 2000 e 2001. A información recollida permite elaborar unha análise estatística de variables relevantes para a definición e caracterización do sector: nivel de emprego, volume de facturación, tamaño empresarial, localización... De forma complementaria, e nos casos onde realmente sexa posible, a análise inclúe a perspectiva e información de diversas fontes documentais, tanto de tipo cuantitativo como cualitativo, coa finalidade básica de enriquecer os contidos e dar unha visión de conxunto máis completa e fiable do sector.

O sector téxtil e confección engloba, segundo a clasificación do CNAE-93, un número importante de subsectores e/ou actividades, tan variado ademais que inclúe operacións de preparación de fíos (de todo tipo de materia prima), elaboración de tecidos, confección de pezas de roupa, fabricación de produtos con tecidos agás pezas de roupa de vestir, procesos de ennobrecemento téxtil... Para o caso de Galicia, obxectivo básico do estudo, e analizando a base de datos antes mencionada, atopamos que o sector téxtil e confección está configurado por un número limitado de subsectores ou actividades cunha representatividade moi variada.

Así, seguindo a clasificación antes mencionada, atopamos en Galicia os seguintes subsectores, asociados cada un deles a un grupo de actividades co seu respectivo código CNAE. Son:

- **PREPARACIÓN**
 - Preparación e tinguidura de peles; fabricación de artigos de peletería (1830).
 - Preparación, curtido e acabado de coiro (1910).

- **TECEDURA DE CALADA**
 - Fabricación de tecidos de algodón e as súas mesturas (1721).

- **TECEDURA DE XÉNERO DE PUNTO**
 - Fabricación de tecidos de punto (1760).
 - Fabricación doutros tecidos téxtiles (1725).
 - Fabricación de calcetería (1771).
 - Fabricación doutros artigos en tecidos de punto (1772).

- **FABRICACIÓN COIRO E PEL**
 - Fabricación de artigos de marroquinería e viaxe, e outros (1920).
 - Fabricación de calzado (1930).

- **OUTRAS FABRICACIÓNS**
 - Fabricación de artigos de confección con téxtiles, agás pezas de roupa de vestir (1740).
 - Fabricación de alfombras e moquetas (1751).
 - Fabricación de cordas, cordeis, cordeis de cánabo e redes (1752).
 - Fabricación doutros artigos téxtiles (1754).

- **CONFECCIÓN**
 - Confección de pezas de roupa de vestir de coiro (1810).
 - Confección de roupa de traballo (1821).
 - Confección doutras pezas de roupa de vestir exteriores (1822).
 - Confección de roupa interior (1823).
 - Confección doutras pezas de roupa de vestir, e accesorios (1824).

- **ACABADOS**
 - Acabados de téxtiles (1730).

O estudo engloba unha análise do sector en xeral, baseada nunha serie de variables significativas e de especial relevancia, así como unha desagregación naquelas actividades de maior relevancia. Aspectos como volume de emprego, nivel de facturación, tamaño empresarial ou valor engadido son algunhas das variables de análise sobre as cales se define e caracteriza tanto a evolución do sector como a súa situación actual.

Previamente a iso, e co fin de enmarcar a importancia do sector, é importante destacar cal é o peso ou representatividade que presenta o téxtil e confección tanto no panorama industrial galego como no conxunto do sector no ámbito nacional.

3.2.1. REPRESENTATIVIDADE DO SECTOR TÉXTIL E CONFECCIÓN

O téxtil e confección é un dos sectores con maior grao de madurez e experiencia na estrutura industrial no ámbito nacional. Varias zonas da península son coñecidas, entre outras cousas, polo seu potencial en téxtil e confección (aínda que sexa especializándose nalgunha das actividades en concreto). Exemplos claros son a comunidade catalana e o levante español, de ampla tradición en procesos de elaboración de fio e tecidos, e algunha outra actividade. Outras comunidades como Castela-A Mancha, Madrid ou Andalucía posúen tamén unha estrutura industrial do téxtil importante, aínda que o seu recoñecemento sexa menor.

A nivel europeo, España representa aproximadamente unha décima parte do total da rede téxtil e de confección. Tomando como referencia a UE, ocupa o quinto lugar detrás de países como Alemaña, Italia, Reino Unido e Francia. No ano 2000, España comezou a ocupar ese ranking de países europeos, baseando o seu crecemento no denominado segmento de alta calidade. Ocupou ese posto nun período relativamente curto de 10-15 anos, pois a finais dos anos 80 só se colocaba por encima de Portugal e Grecia.

Nese contexto, Galicia sitúase como unha zona especializada en confección de pezas de roupa de vestir (aínda que como se verá máis adiante, si existen outro tipo de actividades a menor escala). Sen ningunha dúbida, Inditex é a empresa de maior proxección nacional e internacional nos últimos 15 anos, rompendo todos os esquemas de desenvolvemento máis típicos da empresa galega. Agora ben, Galicia presenta tamén outro concepto de empresa, baseada en deseño e marca, produtos de alto valor engadido, representado por varias empresas de renome, moitas delas de recoñecido prestixio no panorama nacional e incluso internacional.

Analizando con perspectiva a situación da industria téxtil e confección en Galicia con respecto ao resto do Estado, a primeira lectura que se extrae é o crecente peso que está a adquirir no conxunto do sector no ámbito nacional. Segundo datos extraídos do INE, no ano 2000 Galicia ocupaba o 6º posto no ranking de comunidades por orde de importancia medida tanto polo valor engadido como polo emprego asalariado. Diante están Comunidades Autónomas de ampla tradición como Cataluña e a Comunidade Valenciana, cunhas cifras moi superiores á media nacional, e outras como a Comunidade de Madrid, Andalucía ou Castela-A Mancha, con cifras similares, aínda que algo superiores, a Galicia. Tomando soamente datos do subsector da confección, Galicia representa un peso aínda superior no conxunto nacional.

Mantendo a análise segundo ás dúas variables comentadas (valor engadido e número de asalariados), a evolución da representatividade do sector foi en aumento na última metade da década pasada, tanto en relación co total da industria galega como co conxunto do sector a nivel nacional.

Valor Engadido Bruto (Unidade: miles de euros)

	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Téxtil e confección de Galicia	218.667	237.642	283.128	364.269	428.191	481.551
Total da industria galega	3.377.906	3.494.246	3.851.660	4.270.351	4.748.702	5.328.981
% sobre industria galega	6,5%	6,8%	7,4%	8,5%	9,0%	9,0%
Total da economía galega	21.674.488	22.916.004	24.334.825	25.951.450	27.903.826	30.114.601
% sobre a economía galega	1,0%	1,0%	1,2%	1,4%	1,5%	1,6%
Téxtil e confección de España	6.194.000	6.585.000	7.067.000	7.471.000	7.510.000	7.594.000
% sobre o sector en España	3,5%	3,6%	4,0%	4,9%	5,7%	6,3%

■ Fonte: IGE

O valor engadido bruto que xera o sector téxtil e confección en Galicia representa no ano 2000 o 9% do total producido pola industria galega. Esta cifra, analizada en perspectiva, mostra un incremento progresivo e de relevancia da representatividade do sector na industria de Galicia, pois no ano 1995 ese mesmo peso supoñía tan só o 6,5%.

Con respecto ao conxunto do sector no ámbito nacional, Galicia foi consolidando igualmente unha tendencia crecente ao longo da segunda metade da década pasada, practicamente dobrando o peso específico do sector galego no conxunto nacional (pasa de representar o 3,5% a un 6,3% do valor engadido do sector en España). Tal como se comentou anteriormente, se tomamos a parte correspondente a confección, o sector galego sitúase como un dos máis importantes a nivel nacional.


Emprego asalariado (postos de traballo)

	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Téxtil e confección de Galicia	16.711	17.003	18.500	20.858	22.323	23.977
Total da industria galega	124.286	125.254	130.852	140.303	144.516	153.280
% sobre a Industria galega	13,4%	13,6%	14,1%	14,9%	15,4%	15,6%
Total da economía galega	654.802	661.440	680.251	708.298	742.061	781.126
% sobre a economía galega	2,6%	2,6%	2,7%	2,9%	3,0%	3,1%
Téxtil e confección de España	311.600	326.000	342.700	354.600	359.600	357.900
% sobre o sector en España	5,4%	5,2%	5,4%	5,9%	6,2%	6,7%

■ Fonte: IGE

A importancia do sector no conxunto da industria de Galicia incrementábase se tomamos como referencia a cifra de volume de asalariados. En peso específico, representa case o 16% da cifra de emprego da industria galega para o ano 2000, o cal define unha característica propia do sector: utilización relativamente maior de man de obra. No marco do téxtil e confección no ámbito nacional, o sector galego representa o 6,7% para o mesmo ano 2000.

A tendencia seguida no período de tempo analizado debuxa unha liña de crecemento continuado, tanto en valores absolutos como en peso específico. Isto corrobora a liña establecida dende finais dos anos 80 de potenciación e incremento da importancia do sector téxtil e confección galego, tanto no marco da industria de Galicia como no conxunto do sector a nivel nacional.

PESO DO SECTOR TÉXTIL E DA CONFECCIÓN

Cabe remarcar que o sector téxtil e confección é, xunto coa rama do automóbil, un dos poucos sectores que ofrece cifras de crecemento no volume de asalariados, cando menos ata o ano 2000. É, de todos, o sector con maior dinamismo do conxunto industrial galego.

No proceso de crecemento e expansión do sector, desempeñan un papel moi importante e característico as exportacións, como elemento definitorio da apertura do sector cara a mercados internacionais. O volume delas experimentou un incremento espectacular na década dos 90, anos nos que varias empresas galegas, lideradas por Inditex, iniciaron e consolidaron un proceso de internacionalización de gran relevancia. As cifras son claras a este respecto: dun volume total de 31.535.105 € no ano 1991, a cifra de exportacións no ano 2000 multiplícase por 19, rexistrando un volume de negocio de 610.676.379 €.

A taxa de apertura, porcentaxe que representa o volume de exportacións e importacións sobre o total de vendas do sector, experimentou un incremento paulatino durante os últimos anos (8 puntos porcentuais) ata acadar o 31% no ano 2001.

Hoxe por hoxe, o téxtil e confección sitúase como o 4º sector exportador de Galicia, diante de actividades tan importantes e de arraigada tradición exportadora como “Pedra natural e as súas manufacturas” ou “Preparados e conservas de peixe e marisco”. Por diante sitúanse “Vehículos de transporte”, “Pescados, moluscos e crustáceos frescos e conxelados” e “Equipos, compoñentes e accesorios de automoción”.

3.2.2. EVOLUCIÓN ECONÓMICA

Falar de evolución económica do sector téxtil e confección en Galicia redúcenos o marco temporal a practicamente 20 anos. É na década dos anos 80 cando realmente se produce o *boom* do sector en Galicia, auspiciado por un pequeno grupo de empresas líderes e protagonistas do posterior proceso de expansión e internacionalización experimentado nos anos seguintes.

O sector téxtil e confección non ten realmente unha longa tradición en Galicia. A actividade iníciase no seo dunha importante rede de costureiras e xastres, asentada tanto en medios urbanos como rurais, pero sen unha estrutura empresarial definida. Mais ben, estamos a falar de profesións moi ligadas ao ámbito familiar desenvolvidas por un ou máis membros da propia familia. Durante os anos 60 e 70, o incremento paulatino da demanda interna orixinou que parte dos oficios tradicionais de xastrería e confección derivaran nun puñado de pequenas empresas e talleres de dimensión media e cunha estrutura produtiva baseada no traballo en cadea. Eran os albores dalgunhas das importantes empresas que hoxe en día lideran o crecemento e expansión do sector.

A situación do sector en Galicia a principios da década dos anos 80 está definida por un número importante de pequenas empresas, que cobren unha crecente demanda interna pero con escasa presenza no exterior. Estas ademais carecen dunha marca propia que sirva de identificación do produto nos principais mercados nacionais e internacionais. É precisamente nestes anos cando se produce realmente o verdadeiro salto do téxtil e confección, co desenvolvemento dunha cobertura industrial de elevado nivel tecnolóxico apoiado ademais nun excedente de man de obra do orixe rural, e a forte promoción apoiada polo Goberno autonómico baixo o slogan “Moda Gallega”.

Prodúcese ademais unha importante renovación do produto da industria da confección, que pasou a incorporar atributos de calidade e deseño. Calidade non só entendida sobre os materiais, deseño ou confección da peza de roupa, senón tamén, e nun sentido máis amplo, entendida como a capacidade de ofrecer un produto cada vez máis e mellor adaptado aos hábitos e demandas dos consumidores. A partir deste momento, a empresa galega incrementa os seus niveis de calidade, precisamente porque adquire a capacidade de ofrecer aquilo que o cliente demanda ou necesita.

Segundo diversas fontes, a mestura de elementos de carácter artesanal ou tradicionais (economía doméstica, man de obra feminina de orixe principalmente rural...) con caracteres de índole máis innovador (incorporación de tecnoloxía, adopción de estratexias de comercialización e promoción...) posibilitou o desenvolvemento dunha industria téxtil e de confección competitiva, localizada en pequenos focos de industrialización ao longo de Galicia. Son varios os elementos clave que caracterizan a aparición e posterior expansión dunha estrutura empresarial téxtil en Galicia competitiva tanto en mercados nacionais como internacionais. Algúns deles son:

- Elevada capacidade de flexibilización produtiva, que lle permite á empresa estar en constante adaptación aos cambios na demanda do mercado.
- Proceso continuado de reinvestimento en tecnoloxía e modernización do proceso produtivo (posibilitado en gran medida polo bo nivel medio de beneficios). En liña con isto, e como elemento clave, a elevada capacidade innovadora do sector.

- Abundancia de man de obra de orixe rural, principalmente feminina.
- Aposta clara por produción de alto valor engadido, baseado en deseño, calidade, marca, imaxe...
- Altas doses de promoción e publicidade da imaxe de marca da empresa.

Se ben estes e outros elementos definen en parte o proceso expansivo do sector a finais dos 80 e na década dos 90, a evolución da súa importancia é distinta en función do momento concreto. De feito, algúns deles comezan a adquirir maior importancia a medida que se van perfilando tendencias produtivas e de comercialización a nivel internacional. Neste sentido, a entrada no mercado común europeo no ano 1986 supuxo unha apertura sen precedentes cara a mercados internacionais cun primeiro efecto que foi o incremento das importacións. De forma similar, a aparición no panorama internacional de novos países produtores con man de obra máis barata obriga a unha deslocalización produtiva transnacional con efectos positivos en canto a beneficios comerciais, e negativos para unha parte da estrutura produtiva do sector en Galicia.

As principais variables económicas definitorias da evolución do sector (número de empresas, volume de emprego, facturación...) experimentan un incremento continuado dende finais da década dos anos 80, situando a Galicia como un dos referentes de moda a escala nacional. Tal como se comentou en parágrafos anteriores, neste proceso desempeñan un papel fundamental as exportacións, como parte da estratexia de apertura cara a mercados internacionais.

O estudo analiza a evolución recente de diversas variables características e definitorias do sector téxtil e confección co fin de perfilar posteriormente o estado actual e as tendencias futuras. A parte estatística baséase nos resultados obtidos a partir dos datos extraídos de Ardán para un período relativamente curto (1998-2001). En comparativa, presentamos diversas cifras relativas á década completa para ver así a evolución con perspectiva do sector.

Diversas variables definen claramente o dinamismo do sector no período mencionado:

- En relación coas cifras de facturación, o sector experimentou un crecemento exponencial durante os anos 90 (ata finais) baseado principalmente nun forte dinamismo por conquistar novos mercados no ámbito internacional, así como unha aposta por novas liñas de negocio acometidas por algunhas das principais empresas do sector.
- En volume de emprego, e tomando datos publicados, o dinamismo do sector tradúcese na creación da case 10.000 novos postos de traballo.
- En exportacións, variable esencial na explicación do proceso, as cifras multiplicáronse por 20 no período considerado, expansión espectacular que explica boa parte do proceso.


Evolución económica das principais variables do sector:

I. EMPRESAS

En liña coa tónica xeral do sector, o número de empresas que o conforman experimentou un incremento importante ao longo da década, auspiciado principalmente por un pequeno grupo de empresas punteiras que lideraron e lideran o proceso expansivo.

No conglomerado empresarial cómpre facer unha distinción entre a empresa grande (en termos relativos), con capacidade tanto de absorción dos distintos procesos produtivos como de comercialización da produción, e o amplo grupo de empresas de pequena dimensión, talleres e cooperativas, que teñen como actividade principal e case única a manufactura. O seu papel na estrutura produtiva do sector difire bastante, de aí que o seu comportamento responda a variables distintas.

Neste sentido, o crecemento das empresas do sector é totalmente asimétrico, isto é, as denominadas grandes empresas melloraron gradualmente a súa posición dentro do sector con cotas de facturación e exportación crecentes, e con incrementos constantes de produtividade, mentres que o denominado grupo da industria auxiliar experimentou un crecemento en termos relativos menor, a pesar de que en valores absolutos o número de empresas medrou de maneira considerable.




■ Fonte: Ardán

A tendencia de crecemento foise ralentizando a finais da década dos anos 90, cun descenso importante e significativo do futuro do sector. Segundo a fonte de datos utilizada, o inicio do período de ralentización é distinto, se ben coincide case no cambio de década.

Baseándose na información recollida en Ardán, é a finais da década (concretamente a partir do ano 1998) cando se produce un descenso máis ou menos acusado no número de empresas do sector. Tomando datos do INE, a tendencia evolutiva sofre un punto de inflexión a partir do ano 2001. En calquera caso, é notorio que o proceso de crecemento experimentado no sector ao longo dos últimos 10-15 anos sofre un lixeiro cambio a partir do novo milenio, cambio que queda indefinido en canto á súa duración, asociada esta a causas ben conxunturais, ben estruturais.

EVOLUCIÓN N° EMPRESAS (INE)




■ Fonte: INE

Tendo en conta o perfil da estrutura produtiva do sector e os cambios que se producen no ámbito nacional e internacional, o descenso no número de empresas responde na súa maioría ao peche daquelas con menor dimensión, moitas delas pequenos talleres de confección que non poden soportar a redución de custos imposta con motivo da crecente internacionalización e descenso das barreiras comerciais a nivel internacional. Neste contexto, a empresa de gran dimensión, con capacidade comercializadora, soporta con maior garantía a forte competencia actual do sector.

II. VOLUME DE EMPREGADOS

Seguindo coa tendencia rexistrada no sector, o volume de empregados experimentou un crecemento máis ou menos constante ao longo da década dos 90, sendo ademais a actividade máis dinámica en creación de emprego (unha cuarta parte dos empregos xerados nos últimos 8 anos corresponde ao téxtil e confección). Este trazo contrasta coa tendencia observada a escala nacional, onde o sector se mantivo en cifras similares para o mesmo período de tempo.


EVOLUCIÓN EMPREGO (IGE)



■ Fonte: IGE

Baseándose nos datos recollidos do IGE, a tendencia crecente sitúa a cifra de empregados do sector para o ano 2000 en 23.977 traballadores, un 15,6% do total de emprego industrial de Galicia.

EVOLUCIÓN Nº EMPREGADOS



■ Fonte: Ardán

Outras fontes consultadas refliten cifras distintas de emprego absoluto, se ben o comportamento da serie no período considerado é similar.


A tendencia, tal como se observa no gráfico anterior, e en consonancia coa evolución experimentada polo número de empresas, comeza a ralentizar ou incluso a modificar o seu comportamento a partir da nova década. Por falta de información é complicado advertir qué sucede nos vindeiros anos, se ben certos elementos poden ofrecer lixeiras pistas. A tendencia progresiva á deslocalización produtiva en terceiros países ten un efecto negativo sobre o nivel de emprego, principalmente na parte correspondente á manufactura. Este feito, curiosamente non reflectido nas cifras oficiais ata o momento, desempeña un papel esencial en todo o proceso.

Desagregando a análise anterior nos distintos subsectores que conforman e definen o téxtil e confección en Galicia, observamos tendencias similares a grandes trazos, se ben iso supón a constatación da escasa representatividade que algúns deles posúen na estrutura global. Tal como se analizará en capítulos posteriores, o peso do sector recae principalmente sobre a confección (é sen ningunha dúbida a actividade máis importante do sector) e o xénero de punto, con porcentaxes de representatividade similares ao longo do período analizado.

SUBSECTORES	1998		1999		2000		2001	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
PREPARACIÓN	157	1,47%	207	1,66%	222	1,59%	216	1,55%
TECIDO DE CALADA	99	0,93%	99	0,79%	99	0,71%	97	0,70%
XÉNERO DE PUNTO	993	9,32%	1.116	8,93%	1.474	10,55%	1.237	8,88%
FABRICACIÓN DE COIRO E PEL	226	2,12%	309	2,47%	300	2,15%	295	2,12%
OUTRAS FABRICACIÓNS	436	4,09%	744	5,95%	847	6,07%	947	6,80%
CONFECCIÓN	8.670	81,42%	9.956	79,66%	10.954	78,44%	11.070	79,47%
ACABADOS	68	0,64%	67	0,54%	69	0,49%	68	0,49%
TOTAL	10.649	100,00%	12.498	100,00%	13.965	100,00%	13.930	100,00%

En termos absolutos, son os subsectores de “Confección” e “Outras fabricacións” os que manteñen a tónica crecente no número de empregados. O resto segue a liña xeral de descenso a partir do ano 2000. Analizando o mesmo período en valores relativos, conséntase que a única actividade que mantén un ritmo crecente en representatividade medida por volume de empregados é novamente a de “Outras fabricacións”, pasando de absorber o 4% do emprego do sector no ano 1998 a case o 7% catro anos máis tarde. Curiosamente, a confección, a pesar de empregar un número crecente de traballadores, diminúe minimamente o seu peso, se ben as porcentaxes apenas difiren demasiado.

CONFECCIÓN




■ Fonte: Ardán

III. FACTURACIÓN

Por nivel de facturación, o sector segue practicamente a mesma tendencia que nos casos anteriores.

EVOLUCIÓN FACTURACIÓN



■ Fonte: Ardán

O crecemento ao longo da década dos 90 foi realmente importante, colocándose como un dos sectores de maior dinamismo dentro da industria galega. Ese forte dinamismo dirixido na conquista de novos mercados, dentro do proceso de internacionalización do sector, acompañado dunha estratexia de comercialización apoiada en redes de tendas propias e franquizadas principalmente, son algúns dos eixes fundamentais que se sitúan na base das cifras de facturación.

Igual ca nos casos anteriores, a evolución rexistra unha lixeira ralentización (non descenso) a partir do ano 2000.

Baixando de nivel analítico, observamos que por subsectores as tendencias son similares. Novamente as actividades de “Confección” e “Outras fabricacións” manteñen cifras crecentes de facturación, aínda que de novo só esta última consegue incrementar o seu peso dentro do sector, cifrado no período en algo máis de 2 puntos porcentuais.

O seguinte cadro mostra os datos en euros:


SUBSECTORES	1998		1999		2000		2001	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
PREPARACIÓN	9.609.711	1,02%	17.096.351	1,54%	21.584.936	1,62%	23.847.301	1,79%
TECIDO DE CALADA	12.911.110	1,37%	11.826.014	1,06%	11.033.561	0,83%	12.339.962	0,93%
XÉNERO DE PUNTO	98.750.692	10,48%	103.355.183	9,28%	149.940.078	11,27%	129.115.387	9,68%
FABRICACIÓN DE COIRO E PEL	5.942.454	0,63%	6.517.433	0,59%	7.209.683	0,54%	3.840.058	0,29%
OUTRAS FABRICACIÓNS	37.597.892	3,99%	46.858.571	4,21%	67.334.289	5,06%	84.924.103	6,37%
CONFECCIÓN	776.263.811	82,40%	926.483.735	83,22%	1.072.094.229	80,59%	1.078.477.121	80,86%
ACABADOS	1.048.933	0,11%	1.095.917	0,10%	1.132.147	0,09%	1.207.963	0,09%
TOTAL	942.124.603	100,00%	1.113.233.204	100,00%	1.330.328.923	100,00%	1.333.751.895	100,00%

■ Fonte: Ardán

Gráficamente, a tendencia para os subsectores máis importantes é:



■ Fonte: Ardán



■ Fonte: Ardán


IV. VALOR ENGADIDO

O valor engadido está definido neste estudo como a cuantificación aproximada da contribución da empresa ou sector á sociedade. Analiticamente o cálculo equivale á suma da remuneración de todos os factores produtivos que interveñen no proceso: capital, traballo...

O estudo desta variable para o período considerado mostra unha tendencia similar aos casos anteriores.

O crecemento continuado do valor engadido do sector ao longo da década dos anos 90 ralentízase a finais dela, en sintonía coas variables anteriores. Por subsectores, "Confección", "Xénero de punto" e "Outras fabricacións" manteñen a tendencia xeral de incremento, aínda que a taxas decrecentes. Son, en definitiva, as actividades que porcentualmente representan unha maior contribución á remuneración de factores.

Tomando os datos en termos relativos, as actividades enmarcadas en "Outras fabricacións" manteñen a tendencia crecente en peso dentro do sector, definindo así un subsector de potencial crecemento de cara aos vindeiros anos.




■ Fonte: Ardán

SUBSECTORES	1998		1999		2000		2001	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
PREPARACIÓN	2.245.790	0,74%	3.474.303	0,99%	4.988.502	1,31%	4.971.400	1,28%
TECIDO DE CALADA	2.033.150	0,67%	2.189.979	0,63%	1.876.973	0,49%	2.062.356	0,53%
XÉNERO DE PUNTO	27.607.168	9,15%	32.546.405	9,30%	39.731.728	10,41%	40.169.321	10,33%
FABRICACIÓN COIRO E PEL	3.117.692	1,03%	3.129.489	0,89%	3.103.858	0,81%	2.072.302	0,53%
OUTRAS FABRICACIÓNS	10.835.951	3,59%	18.030.804	5,15%	19.320.056	5,06%	22.376.536	5,76%
CONFECCIÓN	255.164.894	84,60%	290.091.268	82,87%	311.991.261	81,73%	316.276.271	81,37%
ACABADOS	597.310	0,20%	604.908	0,17%	725.199	0,19%	774.509	0,20%
TOTAL	301.601.955	100,00%	350.067.155	100,00%	381.737.576	100,00%	388.702.693	100,00%

Graficamente, os subsectores de maior representatividade evolucionan de forma similar durante o período analizado, cun incremento paulatino, aínda que a taxas progresivamente inferiores.

CONFECCIÓN



■ Fonte: Ardán

V. TAMAÑO EMPRESARIAL


Unha das principais características do sector téxtil e de confección en Galicia é a presenza maioritaria de pequenas e medianas empresas na súa estrutura produtiva. Este trazo, tal como se verá en capítulos posteriores, posúe lixeiras desvantaxes en canto a que a capacidade produtiva por unidade de negocio é reducida, así como a capacidade de financiamento e/ou expansión en novos proxectos.

No caso de Galicia, a clasificación clásica que divide a estrutura empresarial por número de traballadores entre empresas grandes, medianas e pequenas presenta quizais lixeiros inconvenientes, pois a inmensa maioría delas quedarían incluídas nos 2 primeiros grupos. De cara a discernir un pouco máis as tipoloxías de empresas existentes por número de empregados, o estudo analiza o tamaño empresarial seguindo a seguinte clasificación:

- Empresas de menos de 5 traballadores
- Empresas de entre 5 e 20 traballadores
- Empresas de entre 20 e 50 traballadores
- Empresas de máis de 50 traballadores

Dentro da estrutura empresarial, son as empresas de menos de 5 traballadores as que maior peso, en números absolutos e relativos, presentan nel. Todas elas conforman parte da industria auxiliar do téxtil e confección, empresas de manufactura que realizan, en réxime de subcontratación, o proceso de confección das pezas de roupa de vestir.


EVOLUCIÓN TAMAÑO (ARDÁN)



No período comprendido entre finais da década pasada e principios desta, o grupo de empresas de menos de 5 traballadores pasou de representar un 45% do conxunto empresarial do sector a case un 30%. O peso deste diminuíu considerablemente, en favor do conglomerado de empresas de tamaño superior (principalmente aquelas que teñen entre

5 e 20 traballadores, e as situadas no rango superior, de 20 a 50 traballadores). Non en van, a media de traballadores por empresa sitúase en torno á cifra de 25 empregados aproximadamente, para o conxunto do sector.

Para o caso de empresas de máis de 50 traballadores, as que realmente ofrecen unha alta capacidade de dinamización e liderazgo no sector, a representatividade en número de empresas é relativamente menor (no ano 2001 supón algo máis do 10% da rede empresarial). En termos evolutivos, a súa posición no sector mantívose a un ritmo crecente, se ben non demasiado notorio. Nun capítulo posterior desagregase a distribución de número de empregados, facturación e valor engadido por tamaños empresariais, co cal as tendencias e representatividades serán algo distintos.



A serie tomada do INE mostra un período máis amplo e de maior proximidade coa realidade a día de hoxe. A evolución dos tamaños empresariais segue quizais unha tendencia diferente, por canto as empresas de menos de 5 traballadores apenas variaron a súa porcentaxe de representatividade. Desta maneira, é acertado afirmar que no período analizado o tamaño empresarial apenas variou na industria téxtil e de confección galega.

3.3. ESTRUTURA ACTUAL.

A análise económica do sector téxtil e confección inclúe neste segundo capítulo un estudo da súa estrutura actual en termos de produción e distribución, definida baseándose nunha serie de variables xa utilizadas en apartados anteriores. Como en casos xa expostos, a información estatística corresponde aos datos extraídos da base Ardán para o ano 2001, se ben nos casos en que sexa posible se ofrece unha comparativa con outras fontes de información, coa idea de enriquecer puntos de vista e presentar visións distintas.

A estrutura produtiva do sector no ano 2001 é sinxelamente unha fotografía instantánea nun momento concreto dentro da serie evolutiva que experimentou nos últimos 20 anos aproximadamente. A desagregación desta permite quizais entender mellor todos os procesos que tanto a nivel nacional como internacional influíron e influen no devir cotián das actividades de téxtil e confección.

Así, o sector configúrase segundo uns patróns derivados tanto da propia historia e idiosincrasia deste como de factores externos ou esóxenos que delimitan (en moitos casos de forma case imperativa) os trazos característicos do téxtil e confección en Galicia, e explican gran parte dos procesos aquí desenvolvidos.

CONFIGURACIÓN DO SECTOR

SUBSECTORES	EMPRESAS		EMPREGADOS		FACTURACIÓN		VALOR ENGADIDO	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
PREPARACIÓN	8	1,58%	216	1,55%	23.847.301	1,79%	4.971.400	1,28%
TECIDO DE CALADA	1	0,20%	97	0,70%	12.339.962	0,93%	2.062.356	0,53%
XÉNERO DE PUNTO	45	8,89%	1.237	8,88%	129.115.387	9,68%	40.169.321	10,33%
FABRICACIÓN COIRO E PEL	12	2,37%	295	2,12%	3.840.058	0,29%	2.072.302	0,53%
OUTRAS FABRICACIÓNS	37	7,31%	947	6,80%	84.924.103	6,37%	22.376.536	5,76%
CONFECCIÓN	399	78,85%	11.070	79,47%	1.078.477.121	80,86%	316.276.271	81,37%
ACABADOS	4	0,79%	68	0,49%	1.207.963	0,09%	774.509	0,20%
TOTAL	506	100,00%	13.930	100,00%	1.333.751.895	100,00%	388.702.693	100,00%

■ Fonte: Ardán (2001)


Da relación de actividades que conforman o sector, a confección é indubidablemente a que maior peso e representatividade presenta. De feito, falar do téxtil en Galicia significa basicamente falar das actividades de confección. Esta realidade aparece reflectida no cadro anterior, onde se observa que, do total de empresas do sector, case un 80% se dedica a este tipo de actividades. Medido en volume de emprego, facturación ou valor engadi-

do, a confección segue mantendo o mesmo peso, corroborando a súa importancia dentro do mundo da moda en Galicia.

A importancia deste subsector está intimamente ligada ao proceso de crecemento e expansión vivido a partir da década dos anos 80, liderado basicamente por Inditex. É, para moitos colectivos, o referente de base a partir do cal se desenvolve todo un tecido manufactureiro conformado por pequenas empresas, talleres e cooperativas. Constitúen de por si a industria auxiliar do sector.

O xénero de punto é, segundo as cifras, a segunda actividade en importancia do sector, cunhas cifras de representatividade bastante inferiores (arredor do 10%). A pesar da enorme diferenza existente, a actividade ten amplo calado na estrutura do sector, liderada por un pequeno grupo de empresas de renome no ámbito nacional.

O resto de actividades apenas representan en conxunto o 10% do total de empresas, corroborando a súa escasa relevancia. Deste grupo, cabe destacar, pola evolución crecente experimentada nos últimos anos, o subsector de “Outras fabricacións”, cun peso relativamente importante e crecente en asociación coa fabricación de novos artigos de confección con téxtiles, diferentes das pezas de roupa de vestir.



■ Fonte: Ardán

I. EMPRESAS

A caracterización do sector comeza ineludiblemente por determinar e definir de forma cuantitativa e cualitativa as unidades produtivas de base, isto é, as empresas e cooperativas existentes.

A cifra do número de empresas que configuran o tecido produtivo do sector é unha magnitude bastante complicada de determinar, principalmente porque as fontes estatísticas consultadas mostran datos tremendamente diferentes. Segundo Ardán, a cifra para o ano 2001 é de 506 empresas, distribuídas porcentualmente segundo o cadro anexo (case o 80% corresponden a confección). Se engadimos o número de cooperativas extraído do Rexistro Xeral (cifrado nunhas 200), obtemos en total unha cifra de número de entidades produtivas (empresas e cooperativas) algo superior ás 700.

Outras fontes presentan datos algo superiores: o INE cifra o número de empresas do sector para o ano 2001 en 1.221, cantidade algo superior. Segundo o IGE, a cifra sitúase en 1.898 empresas para o mesmo ano, contando con todo tipo de entidades, con e sen asalariados.

As diferenzas existentes débense principalmente aos distintos métodos de cálculo utilizados. Neste sentido, por exemplo, a base de datos de Ardán rexistra un determinado número de empresas que superen certa cantidade de facturación (cifrada en 6.000 € anuais). As cifras do IGE, neste caso, reflicten o número de empresas con e sen asalariados. Tomando soamente os primeiros, o volume queda reducido a 1.136 empresas, cantidade similar á expresada polo INE.

De calquera maneira, a pesar do baile de cifras que supón o manexo de distintas fontes estatísticas, é importante destacar, a efectos de análise económica exhaustiva, tanto a evolución experimentada nos últimos anos como a distribución por actividades, tamaño empresarial, localización e outras variables de relevancia cualitativa. Neste sentido, o estudo céntrase nestes últimos aspectos.

Un dos elementos característicos e definitorios do sector téxtil e confección a nivel nacional e internacional é a progresiva deslocalización produtiva asociada a un incremento nos niveis de flexibilidade da produción. A base do mesmo reside na busca dunha redución de custos, principalmente laborais, posibilitando unha caída de prezos e/ou un incremento das marxes comerciais. A microescala, tomando como referencia o sector galego, a deslocalización produtiva tradúcese na emerxencia e consolidación dun importante grupo de empresas, talleres e cooperativas que se dedican fundamental e case unicamente aos labores manufactureiros, esencialmente de confección (cosido e ensamblado das pezas de roupa de vestir), posibilitando desta maneira o crecemento do sector.

Desta maneira, a estrutura empresarial presenta dúas realidades empresariais: un grupo maioritario de pequenas e medianas empresas e cooperativas (un 90% aproximadamente) que traballan sobre todo como subcontrata elaborando a confección das pezas de roupa de vestir, configurando a base do modelo produtivo sectorial, e un reducido número de grandes empresas punteiras, protagonistas principais do empuxe do sector, denominadas en diferentes ámbitos "empresas comercializadoras", que dinamizan e abren o camiño nos diferentes mercados nacionais e internacionais. Algunhas destas empresas iniciaron o proceso expansivo nos anos 80, converténdose en referencia para o resto do sector (é o caso, por exemplo, de Inditex ou Adolfo Domínguez).

A excelente tendencia de crecemento do sector explícase entón por diferentes razóns. Unha parte responde á perspicacia e iniciativa demostrada por un pequeno número de empresas que conseguiron elaborar un produto de calidade, con marca baseada en deseño e innovación, e colocalo nos principais mercados nacionais e internacionais seguindo novas estratexias de comercialización. A outra cara da moeda que posibilitou isto é a consolidación dun tecido produtivo que subministra basicamente man de obra para a fabricación dun volume crecente de produción, conformando a industria auxiliar do sector.

Evidentemente, o esquema trazado de fluxos entre grandes e pequenas empresas (fluxos de subcontratación da produción) é posible polos importantes avances no transporte e a lóxística. Estes elementos son, a día de hoxe, esenciais para comprender o funcionamento da estrutura sectorial.

Principais características das empresas denominadas “comercializadoras”:

- Son en xeral empresas de dimensión media e grande.
- Asumen principalmente as funcións de deseño, patronaxe e comercialización da peza de roupa. A parte correspondente a produción tende a ir desaparecendo da empresa, aínda que na maioría aínda elaboran unha parte dela (subcontratan a maior parte).
- Posúen un elevado nivel tecnolóxico, con alta e contrastada capacidade innovadora.
- Fixan a súa estratexia en base á calidade, deseño, marca, buscando un produto diferenciado. En liña con isto, buscan tamén unha diversificación dos produtos ofrecidos.
- A loxística e distribución adquiren dimensión de estratexia, esencial para determinar o proceso de deslocalización produtiva e internacionalización da empresa.
- Internalizan paulatinamente as vías e redes de comercialización, principalmente a través de tendas propias e/ou franquias.

Principais características das empresas “manufactureiras”:

- Empresas intensivas en man de obra
- Capacidade produtiva, de investimento e financeira limitada
- Nivel tecnolóxico dependente na maioría dos casos das empresas comercializadoras
- Dependencia excesiva dun número reducido de clientes
- Flexibilidade organizativa
- Empresas de pequena dimensión

Este panorama está hoxe en día afectado pola tendencia á subcontratación da produción a terceiros países de man de obra máis barata (buscando rendibilidades superiores baseadas na diminución dos custos de produción), configurando a transnacionalización da deslocalización produtiva. Unha consecuencia inmediata é o posible descenso no número de pezas de roupa de vestir fabricadas en Galicia, con claras repercusións negativas en materia de emprego e facturación para as pequenas empresas, talleres e cooperativas manufactureiras. Este descenso pode verse compensado por un incremento do volume de produción do sector, amortecendo desta maneira os efectos negativos comentados.


II. NIVEL DE EMPREGO

As cifras de emprego do sector téxtil e confección en Galicia sofren variacións importantes, igual que no caso anterior, dependendo da fonte estatística consultada. Ardán estipula para o ano 2001 un volume de emprego de 13.930 traballadores nas empresas do sector, ao cal debemos engadir uns 2.500 traballadores de cooperativas. En total, o sector emprega a case 17.000 persoas.

Utilizando outras fontes de información, as cifras facilitadas difiren nalgúns casos notablemente. O IGE estipula que o emprego do téxtil e confección para o mesmo ano 2001 é de 21.367 traballadores, cifra algo superior que no caso anterior. O INE, porén, calcula que o nivel de emprego é de 16.900 persoas, cantidade similar á recollida en Ardán.

Tal como se recolle no cadro anterior, case o 80% dos traballadores están empregados no subsector da confección. Máis adiante veremos cales son as actividades englobadas neste que ocupan un maior número de persoas. Novamente, igual ca no caso de número de empresas, o xénero de punto configúrase como a segunda actividade en orde de importancia, empregando a case o 10% da poboación. Cabe mencionar tamén, polo seu

crecente peso, o grupo de actividades recollidas en "Outras fabricacións", pois empregan case un 7% do total de traballadores do sector, 3 puntos porcentuais por encima do dato de 1998.



■ Fonte: Ardán

O resto de actividades teñen un peso residual no conxunto do sector.

O emprego no téxtil e confección experimentou un crecemento notable nos últimos anos, tendencia que se foi reducindo, incluso invertendo de dirección, a partir do ano 2000. Unha das principais vantaxes ou elementos que posibilitaron no seu día a expansión e crecemento do sector foi a existencia de man de obra abundante, procedente na súa maioría do rural, se ben as actividades de téxtil e sobre todo confección son bastante compatibles coa vida urbana.

Un elemento definitorio do emprego no sector é o seu carácter eminentemente feminino, isto é, a maioría dos traballadores son mulleres. Diversa documentación consultada cifra a porcentaxe de mulleres no sector en torno ao 80%, variando en función do tramo de idade analizado. A súa presenza é maioritaria nos postos de produción (corte, confección e pranchado), se ben outras ocupacións como deseño ou patronaxe tamén empregan unha porcentaxe elevada de mulleres. Tal como se mencionou, a súa procedencia corresponde en parte a excedente de man de obra de orixe rural, que busca no téxtil e confección un posto de traballo para complementar os ingresos familiares. Esta idea da muller que se incorpora ao mercado de traballo buscando un salario complementario ten elevada presenza e identidade no téxtil e confección.

Por idade, a media da poboación sitúase en torno aos 35 anos. É sen dúbida unha poboación de xente nova.

A temporalidade e a elevada rotación laboral son outros dos elementos que caracterizan o emprego do sector. Certo é que a actividade téxtil e de confección presenta unha dinámica moi forte, de constantes cambios; sen ir máis lonxe, a súa produción anual está definida por temporadas, feito este que condiciona a planificación a medio prazo. No que atinxe ao emprego, a temporalidade e cambios na rotación do persoal é aínda máis acusada, o cal se define como un elemento negativo por canto frea o proceso de mellora de calidade. Indubidablemente, a estabilidade laboral é unha condición necesaria para unha mellora da cualificación e profesionalidade dos empregados.

Esta característica define de por si un emprego de elevada eventualidade. Non en van, Galicia é unha das comunidades autónomas con maior taxa de eventualidade laboral (próxima ao 45%), lonxe de niveis do 10% na Comunidade de Madrid ou do 20% en Cataluña.


Por situación profesional, o emprego asalariado é maioritario no sector, con diferenza sobre os autónomos, cooperativistas... Galicia é neste sentido a terceira comunidade con maior número de asalariados, por detrás de Cataluña e a Comunidade Valenciana. A pesar diso, o fenómeno cooperativista tivo e ten moita repercusión no panorama sociolaboral do sector en Galicia, converténdose na principal fórmula de autoemprego. Moitas das entidades manufactureiras que conforman a industria auxiliar do téxtil e confección son en esencia cooperativas de traballo asociado.

Un dato imposible de recoller pero claramente palpable na realidade son as cifras de emprego somerxido. Documentación consultada recolle que aproximadamente un 25% do emprego no téxtil e confección é somerxido, e ademais gran parte del foi creado con motivo da expansión recente do sector, sobre todo da industria auxiliar, tradicionalmente ligada a esta tipoloxía de emprego. É unha realidade que hoxe en día algunhas empresas que subcontratan parte da produción deben velar pola situación laboral dos traballadores nas propias empresas subcontratadas, conseguindo desta maneira unha regulación e legalización do emprego, mais unha parte importante da confección realízase, por exemplo, a domicilio, figura clásica e asociada, claro está, ao emprego somerxido.

O paradoxo do emprego no téxtil e confección reside en que un dos sectores máis dinámicos, de maior crecemento e expansión tanto en produción como internacionalización dos seus mercados e produtos, xere unha tipoloxía de emprego bastante precario, irregular, con baixos salarios e escasa formación, maiormente ocupados na industria manufactureira.

III. VOLUME DE FACTURACIÓN

Medido tendo en conta o nivel de facturación, o sector presenta practicamente as mesmas características que no caso de número de empresas ou traballadores. A confección é o subsector que máis factura no conxunto do téxtil e confección, con algo máis do 80% do total. Xénero de Punto mantense como a segunda actividade en importancia por volume de facturación dentro do sector.




As cifras recollidas no cadro de páxinas anteriores non recollen os datos correspondentes a Inditex, pois considérase que a súa inclusión distorsiona realmente a análise do sector. Inditex é unha realidade distinta ao conxunto de empresas de perfil máis característico quizais, e por precaución os datos correspondentes a esta foron tomados de forma independente. Conxuntamente, o téxtil e confección de Galicia presenta un nivel de facturación de 2.749.788.893 € para o ano 2001, segundo datos de Ardán.

O contido importante do estudo do nivel de facturación reside principalmente na súa evolución nun período de tempo, para desta maneira perfilar a produción real. Esta evolución tivo unha tendencia positiva na década dos anos 90, cun crecemento máis ralentizado no último ano.

IV. VALOR ENGADIDO

O valor engadido enténdese neste estudo como a suma da remuneración dos factores produtivos que interveñen no proceso produtivo. En síntese, é o valor da contribución do sector á sociedade, a través dos distintos fluxos de remuneración existentes.

Para o ano 2001, o sector téxtil e de confección xera un valor engadido de case 400.000.000 €. Dese total, algo máis do 80% corresponde a empresas de confección (realidade nada singular tendo en conta a importancia que presenta en orde de emprego e facturación). O xénero de punto continúa sendo a segunda actividade en orde de importancia, representada con algo máis do 10% do valor engadido xerado no sector nese mesmo ano. A tónica mantense por tanto para o resto de actividades, destacando de todas elas as incluídas no apartado de "Outras fabricacións".




■ Fonte: Ardán

A representatividade da confección neste apartado é unha constante nos últimos anos, mantendo por tanto a importancia e peso no conxunto do sector.

Relacionando esta variable co número de empregados, calcúlase para cada subsector a contribución de cada traballador á xeración de valor engadido, máis alá do que

supón a remuneración do seu traballo. Así, se temos en conta o valor engadido por empregado, a situación mantense en representatividade, se ben as porcentaxes varían lixeiramente.



■ Fonte: Ardán

A confección cede representatividade, calculando o valor engadido por empregado, pero mantén as porcentaxes por encima do 70%. Destaca neste sentido a achega que se xera dende o subsector de xénero de punto, cunha contribución de cada traballador ao valor engadido algo superior ca no caso dos valores absolutos.

ANÁLISE POR SUBSECTORES

Tal como se observa da análise das variables anteriores, a confección e o xénero de punto son os subsectores máis destacados e importantes da industria téxtil galega, mentres que o resto de subsectores teñen un carácter practicamente residual (en termos comparativos). De feito, a imaxe do sector hoxe en día en Galicia está plenamente asociada tanto á confección como ao xénero de punto; máis se cabe no primeiro caso.

Por esta razón, incluímos graficamente e a modo de síntese unha relación ou desagregación das actividades incluídas nos subsectores mencionados, ligando cada unha delas ás variables de estudo manexadas, de forma que se afofunde un pouco máis na representatividade e importancia que ten cada grupo de actividades dentro do sector en xeral.

Dentro do subsector da confección, o CNAE'93 distingue as seguintes actividades:

- Confección de pezas de roupa de vestir de coiro
- Confección de roupa de traballo
- Confección doutras pezas de roupa de vestir exteriores
- Confección de roupa interior
- Confección doutras pezas de roupa de vestir e accesorios

A situación para cada unha delas para o ano 2001, baseándose nos datos de Ardán, é a seguinte:

SUBSECTORES DA CONFECCIÓN	EMPRESAS		EMPREGADOS		FACTURACIÓN		VALOR ENGADIDO	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Confección de pezas de roupa de vestir de coiro	2	0,50%	13	0,12%	497.722	0,05%	92.341	0,03%
Confección de roupa de traballo	7	1,75%	54	0,49%	5.342.860	0,50%	976.483	0,31%
Confección doutras pezas de roupa de vestir exteriores	365	91,48%	10.530	95,12%	1.046.800.665	97,06%	304.418.192	96,25%
Confección de roupa interior	12	3,01%	300	2,71%	17.437.307	1,62%	5.850.663	1,85%
Confección doutras pezas de roupa de vestir e accesorios	13	3,26%	173	1,56%	8.398.567	0,78%	4.938.591	1,56%
TOTAL	399	100%	11.070	100%	1.078.477.121	100%	316.276.271	100%


■ Fonte: Ardán

Claramente, son as actividades englobas en “Confección doutras pezas de roupa de vestir exteriores” as que adquiren un peso esencial dentro da confección en particular, e por ende dentro do sector en xeral. Con algo máis do 90% das empresas correspondentes a confección, empregan o 95% dos traballadores e facturan o 97% do total correspondente ao subsector da confección. Dado o peso que este tiña no conxunto do sector en xeral, queda patente onde está o elemento forte e dinamizador do téxtil e confección en Galicia.

O resto de actividades apenas teñen presenza significativa no conxunto da confección.

Graficamente, a visualización da representatividade de cada unha das actividades queda patente:

PESO DAS ACTIVIDADES DE CONFECCIÓN



■ Fonte: Ardán

O subsector situado nun segundo plano en orde de representatividade sectorial é o xénero de punto. O seu peso rolda o 10% en case todas as variables analizadas. Facendo unha desagregación en cada unha das actividades incluídas, obtemos a seguinte relación:

- Fabricación de tecidos de punto
- Fabricación de calcetería
- Fabricación doutros tecidos téxtiles
- Fabricación doutros artigos en tecidos de punto

A relación de variables para cada unha das actividades é:


SUBSECTOR XÉNERO DE PUNTO	EMPRESAS		EMPREGADOS		FACTURACIÓN		VALOR ENGADIDO	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Fabricación de tecidos de punto	20	44,44%	631	51,01%	35.792.997	27,72%	19.519.788	48,59%
Fabricación de calcetería	2	4,44%	2	0,16%	72.362	0,06%	32.667	0,08%
Fabricación doutros tecidos téxtiles	10	22,22%	138	11,16%	65.017.965	50,36%	7.361.480	18,33%
Fabricación doutros artigos en tecidos de punto	13	28,89%	466	37,67%	28.232.063	21,87%	13.255.386	33,00%
TOTAL	45	100%	1.237	100%	129.115.387	100%	40.169.321	100%

■ Fonte: Ardán

A representatividade ou peso dentro do xénero de punto está quizais máis diluída, ou con menos rotundidade, que no caso anterior. “Fabricación de tecidos de punto” é a actividade que engloba un maior número de empresas e traballadores (cun peso específico próximo ao 50%). Xera ademais a maior porcentaxe de valor engadido de todo o subsector.

“Fabricación doutros tecidos téxtiles” e “Fabricación doutros artigos en tecidos de punto” posúen un peso específico menor, se ben as diferenzas co anterior non son tan extremas. Esta última actividade emprega a case o 40% do total dos traballadores en punto, cifra nada desdeñable, pois xunto coa primeira absorbe case o 90% do emprego total.


Graficamente:



■ Fonte: Ardán

V. TAMAÑO EMPRESARIAL

Como xa se comentou en parágrafos anteriores, unha das principais características da estrutura empresarial do sector é a reducida dimensión das entidades produtivas. Estamos falando principalmente de pequenas e medianas empresas cunha media de traballadores para todo o sector de 27 empregados. Por subsectores, e a pesar do predominio da confección sobre os demais, a dimensión das empresas mantén unha constante similar en todos eles, tal como mostra o seguinte gráfico.



■ Fonte: Ardán

Excepto o subsector de acabados, os demais manteñen un tamaño medio bastante aproximado ao conxunto do sector. apenas se detectan grandes variacións entre subsectores e actividades.

O tamaño empresarial é un dos elementos clave que explican a traxectoria do sector nos últimos anos e definen as potencialidades deste de cara ao futuro. Unha rede de empresas de pequena dimensión supón de principio un obstáculo importante en relación coa capacidade produtiva limitada que se xera por unidade produtiva, condicionando as posibilidades de crecemento e expansión cara a novos mercados nos vindeiros anos. De feito, son as empresas de maior dimensión as que, loxicamente, aglutinan e absorben a maior parte da torta, participando dunha maior porcentaxe nas principais variables económicas.


TAMAÑO DA EMPRESA	EMPRESAS		EMPREGADOS		FACTURACIÓN		VALOR ENGADIDO	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 5 traballadores	172	33,99%	127	0,91%	15.476.715	1,16%	2.910.551	0,75%
De 5 a 20 traballadores	147	29,05%	1.724	12,38%	132.813.391	9,96%	38.809.458	9,98%
De 20 a 50 traballadores	128	25,30%	3.996	28,69%	208.302.443	15,62%	77.998.700	20,07%
Máis de 50 traballadores	59	11,66%	8.083	58,03%	977.159.346	73,26%	268.983.985	69,20%
TOTAL	506	100%	13.930	100%	1.333.751.895	100%	388.702.693	100%

■ Fonte: Ardán

Case o 65% das empresas do sector posúen menos de 20 traballadores de media. Esta cifra revela claramente un dos elementos clave e definitorio do sector: a reducida dimensión empresarial. E non só iso, pois se analizamos con detalle vemos que máis do 30% corresponde a empresas de menos de 5 traballadores.

Gran parte deste colectivo corresponde a empresas manufactureiras que confeccionan en réxime de subcontratación as pezas de roupa de vestir da colección pertencente ás grandes empresas comercializadoras. Mostra desta maneira a importancia, en canto a volume cuantitativo, da rede auxiliar de manufactura existente hoxe en día no téxtil e confección.

DISTRIBUCIÓN POR TAMAÑO




■ Fuente: Ardán

Observando o resto de variables, a realidade loxicamente invértese. O nivel de emprego, por definición, está maiormente representado nas empresas de dimensión superior. Pero non só iso, senón que o tamaño empresarial incide directamente tanto no volume de facturación como de valor engadido, en termos absolutos e relativos. Desta maneira, na táboa obsérvase que algo máis do 75% do emprego, cerca do 90% da facturación e do valor engadido do sector téxtil e confección, corresponde ás empresas de máis de 20 tra-

balladores. Neste intervalo, aquelas de maior dimensión (máis de 50 traballadores) absorben ou xeran cifras de facturación e valor engadido máis elevadas.


DISTRIBUCIÓN POR TAMAÑO



■ Fonte: Ardán

Por nivel de emprego, loxicamente a maior porcentaxe está concentrada nas empresas de maior dimensión.

DISTRIBUCIÓN POR TAMAÑO




■ Fonte: Ardán

Analizando a estrutura segundo o volume de facturación, son as empresas de máis de 50 traballadores (60 en total) as que participan dunha maior porcentaxe. Pouco máis do 10% das empresas do sector xeran case o 75% do total de facturación, e o 69% do valor engadido, empregando ademais 58% dos traballadores. Esta é a razón pola que se tenta dende varios colectivos incidir na necesidade de que a empresa galega incremente a súa capacidade produtiva coa finalidade de gañar en competitividade e cota de participación nos mercados nacionais e internacionais.

O incremento da dimensión empresarial en termos físicos non ten por que ser a fórmula utilizada, pois son moitos os factores que determinan o tamaño empresarial. Agora ben, buscar alternativas de cooperación e asociacionismo quizais sexa a clave que defina un incremento na capacidade produtiva e de comercialización das pequenas empresas, sen necesidade de abordar grandes investimentos en proxectos millonarios. Nesta liña, o excesivo individualismo e a falta dunha cultura empresarial de cooperación antóllase un elemento clave na caracterización do sector na actualidade.


Curiosamente, tomando como referencia a variable "valor engadido por empregado", a distribución por tamaños empresariais debuxa outro panorama.



■ Fonte: Ardán

É o rango de empresas situado na franxa de 5 a 20 traballadores o que xera unha porcentaxe superior de valor engadido por empregado, quizais por un maior peso relativo da remuneración do factor traballo sobre as demais compoñentes (as empresas utilizan intensivamente o factor traballo). De calquera maneira, as diferenzas entre tamaños non son tan abismais e nítidas como nos casos anteriores, pois a variable tende a normalizarse en torno á media.

Dada a representatividade que presenta o subsector da confección no total do téxtil e confección, analízase resumidamente o comportamento da variable “tamaño empresarial”.




■ Fonte: Ardán

As pautas características seguen o mesmo patrón que para o caso xeral. Son maioritarias as empresas de menor dimensión (con menos de 5 traballadores), pero as porcentaxes maiores de emprego, facturación e valor engadido corresponden ás empresas de máis de 50 traballadores.

VI. LOCALIZACIÓN

A localización das distintas actividades englobadas no téxtil e confección é un dos elementos clave para entender quizais pautas de comportamento no territorio, e a dinamización que determinados espazos experimentan grazas ao establecemento de determinadas actividades.

Tradicionalmente o sector téxtil e confección estaba desligado, e quizais aínda o estea, dun proceso de concentración espacial de caracteres ríxidos. Non se coñecen polos de desenvolvemento asociados ao téxtil tal como ocorre con outros sectores como o naval ou o conserveiro, nin grandes áreas con políticas de desenvolvemento específicas. A dispersión xeográfica é polo tanto unha característica importante das actividades de téxtil e confección, pois están presentes nunha inmensa maioría de concellos de Galicia. Non en van, todas as provincias galegas acollen nalgunha parte do seu territorio actividades de téxtil e/ou confección.

DISTRIBUCIÓN DE SUBSECTORES POR PROVINCIA

■ Fonte: Ardán

Evidentemente, polo peso que representa no sector, as actividades de confección son as que posúen unha maior presenza no territorio galego. Por provincias, claramente A Coruña e Pontevedra, e nun segundo lugar Ourense, son as que aglutinan case o 100% das actividades. Nesta lista, Lugo queda bastante descolgada, con apenas un puñado de empresas difuminadas pola provincia.

A pesar da ampla dispersión xeográfica do téxtil e confección, paradoxalmente obsérvase unha lixeira concentración en determinadas áreas ou comarcas do territorio galego, algunhas delas con longa tradición ou especial repunte a causa do coñecemento e publicidade que teñen algunhas das empresas establecidas (por exemplo, Inditex está asociada a Arteixo, Viriato a Ordes ou Adolfo Domínguez a Ourense).

O amplo elenco de empresas do sector están localizadas en 12 puntos concretos (áreas metropolitanas, concellos ou comarcas, dependendo do caso).

ÁREA GEOGRÁFICA	EMPRESAS		EMPREGADOS		FACTURACIÓN		VALOR ENGADIDO	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Ferrol	25	5,38%	670	4,93%	47.582.867	3,60%	13.402.745	3,53%
A Coruña - Arteixo	109	23,44%	4.657	34,24%	748.676.324	56,67%	107.356.222	28,24%
Bergantiños	42	9,03%	1.087	7,99%	15.818.244	1,20%	16.250.569	4,28%
Ordes - Santiago	51	10,97%	1.039	7,64%	42.421.902	3,21%	26.163.584	6,88%
Arzúa - Melide	7	1,51%	113	0,83%	7.639.169	0,58%	1.655.635	0,44%
Barbanza - Sar	22	4,73%	571	4,20%	30.026.553	2,27%	14.722.706	3,87%
Monforte - Sarria	12	2,58%	69	0,51%	2.977.155	0,23%	2.200.274	0,58%
Lalín	24	5,16%	977	7,18%	58.616.391	4,44%	16.946.157	4,46%
Pontevedra	28	6,02%	342	2,51%	26.583.364	2,01%	8.804.712	2,32%
Vigo	90	19,35%	1.745	12,83%	128.925.562	9,76%	40.113.138	10,55%
Orense - Allariz	46	9,89%	2.271	16,69%	211.258.405	15,99%	132.148.679	34,77%
Verín	9	1,94%	62	0,46%	635.391	0,05%	346.268	0,09%
TOTAL	465	100%	13.603	100%	1.321.161.327	100%	380.110.690	100%


■ Fonte: Ardán

Case o 100% das empresas do sector se localizan nestas 12 grandes áreas.

A Coruña – Arteixo é sen ningunha dúbida a área ou comarca que aglutina a maior porcentaxe de empresas, coa consecuencia inmediata de liderado en emprego, facturación e valor engadido. Desagregando cada unha das variables:

Número de empresas

DISTRIBUCIÓN POR ÁREA XEOGRÁFICA




■ Fonte: Ardán

A dispersión xeográfica dilúese en canto se analiza con detalle a localización por grandes zonas. Observando o gráfico, a área da Coruña – Arteixo e Vigo son por esta orde as que acollen un maior número de empresas. Nun segundo termo, aparecen a comarca de Bergantiños, a área de Ordes – Santiago de Compostela e Ourense – Allariz.

Volume de traballadores


DISTRIBUCIÓN POR ÁREA XEOGRÁFICA



■ Fuente: Ardán

Tomando a dimensión de número de traballadores, a concentración é quizais superior ca no caso anterior. A área da Coruña – Arteixo lidera e aglutina un maior volume de emprego, explicado en gran parte pola dimensión a gran escala que representa Inditex. E non só iso, senón que tamén se localizan importantes empresas de renome como Caramelo ou Volvoretta, ademais dunha importante rede de pequenas empresas e talleres de manufactura. A zona de Ourense – Allariz mantén, xunto coa área de Vigo, un posicionamento secundario pero nada desdeñable.


Nivel de facturación



■ Fonte: Ardán

Por nivel de facturación a realidade é aínda máis manifesta. A concentración en practicamente unha soa área é moi relevante, destacando a todas luces a comarca xa mencionada da Coruña – Arteixo. A porcentaxe é tan elevada en relación co resto de áreas mencionadas que apenas existe unha segunda posición clara. Dende logo, esta corresponde, aínda que con representatividade menor, ás zonas de Vigo e Ourense – Allariz.


Valor engadido



■ Fonte: Ardán

Curiosamente, a análise do valor engadido empresarial debuxa unha distribución espacial distinta que en casos anteriores. A área de Ourense – Allariz xera en porcentaxe (case un 35%) as maiores cifras de valor engadido. Xunto coa comarca da Coruña – Arteixo, crean case o 65% do valor engadido do sector téxtil e confección. A representatividade vese modificada en termos bastante importantes.

Valor engadido por empregado



■ Fonte: Ardán

A distribución espacial da variable “Valor engadido por empregado” debuxa un panorama diferente, se ben son novamente as grandes áreas da Coruña –Arteixo, Vigo e Ourense – Allariz as que xeran e protagonizan as maiores porcentaxes de valor engadido por volume de empregados.

Esta análise puramente estatística esquece quizais certas áreas ou comarcas que tradicional ou recentemente están bastante ligadas ao mundo do téxtil e a confección. Un exemplo son a zona de Ordes – Santiago de Compostela (cun amplo número de pequenas empresas e talleres) Lalín (zona de industrialización máis recente protagonizada por un puñado de empresas hoxe destacadas que iniciaron o proceso grazas á iniciativa dun grupo de empresarios) e Bergantiños (tradicional zona manufactureira).

A industrialización máis recente en determinadas zonas do territorio galego responde en gran parte a unha serie de factores:

- Abundancia de man de obra de orixe rural, principalmente feminina.
- Proceso continuado de reinvestimento en tecnoloxía e modernización do proceso produtivo. En definitiva, alta capacidade innovadora.

- Elevada e crecente flexibilidade produtiva, en constante adaptación aos cambios na demanda do mercado.
- Elevada capacidade de iniciativa dun grupo de empresarios individuais, tradicional ou familiarmente ligados ao sector, cun forte carácter autodidacta.
- Aproveitamento do *know-how* adquirido nunha empresa ou área concreta, con elevadas doses de dinamismo.

3.4.

ANÁLISE DO COMERCIO EXTERIOR.

Un dos principais factores que explican o forte crecemento e expansión do sector téxtil e de confección galego dende a década dos anos 80 é a súa presenza progresiva en mercados tanto nacionais como internacionais. O grao de internacionalización da empresa galega do sector foi en aumento no período considerado, seguindo unha tendencia exponencial, e acadando así un posicionamento internacional cada vez maior.

Esta realidade é consecuencia, non en van, dunha das principais estratexias adoitadas por un pequeno grupo de empresas líderes do sector a mediados dos 80, cando se impón a necesidade de abrir mercados e situarse en países tanto de Europa como do resto do mundo.

A competitividade crecente do sector, auspiciada pola rebaixa ou descenso nos límites ao comercio internacional de produtos do téxtil e de confección, supón a aparición no panorama internacional de países con niveis elevados de produción e custos salariais infinitamente baixos. Así, tanto a apertura de mercados como a crecente competencia internacional obriga, polo tanto, a adoitarse como estratexia case de supervivencia un incremento paulatino da empresa galega en mercados internacionais, isto é, unha aposta polo fomento das exportacións.

Cifras apuntadas en capítulos anteriores debuxan unha liña de crecemento continuado das exportacións galegas do téxtil e confección na década dos anos 90 (multiplicándose por 19 a cifra absoluta de exportacións no período 1991-2000). Así mesmo, o sector téxtil e de confección sitúase a día de hoxe como o 4º sector exportador da industria galega, diante de actividades como “Pedra natural e as súas manufacturas” ou “Preparados e conservas de pescado e marisco”. Por outra banda, é facilmente deducible que o descenso de barreiras ao comercio internacional debe supoñer tamén un incremento no volume de importacións, por canto empresas de diversos países colocarán con maior facilidade a súa produción no noso territorio.

Así, a importancia manifesta do comercio exterior no sector téxtil e de confección, e o peso e significado que as exportacións de determinados produtos supuxeron e supoñen para o proceso de expansión visto, fai ver a necesidade de elaborar unha análise máis pormenorizada e descritiva tanto das importacións como exportacións do téxtil e confección. Non é tarefa deste estudo entrar en detalle neste aspecto, mais resulta interesante cando menos desagregar tanto a análise evolutiva das dúas variables mencionadas como a estrutura delas por produtos, vendo o peso específico que cada un deles representa no total do comercio exterior do sector.

Toda a análise detallada a continuación basea os seus datos na información facilitada polo IGE, para o período 1995-2002 (este último ano con cifras provisionais). A estrutura desta segue a clasificación por produtos TARIC (Arancel Integrado de Aplicación), vinculada ás diferentes tarifas arancelarias impostas. Existe a este respecto unha relación ou asociación entre os códigos TARIC e CNAE que permite, por exemplo, desagregar a serie de produtos (materias primas, produtos semielaborados e produtos finais) e establecer un vínculo coa actividade ou actividades á que pertencen.

Da extensa relación ofrecida na clasificación de produtos TARIC (99 códigos distribuídos en 22 grupos), corresponden ao sector téxtil e de confección os seguintes:

GRUPO VIII: Peles, Coiro, Peletería e manufactura destas materias; Artigos de guarnicionería ou de talabartería, Artigos de viaxe, Bolsos de man e continentes semellantes; Manufacturas de tripa.

Inclúe:

41. Peles (agás a peletería) e coiros
42. Manufacturas de coiro; artigos de guarnicionería e talabartería; artigos de viaxe, bolsos de man e continentes semellantes; manufacturas de tripa
43. Peletería e confeccións de peletería; peletería artificial ou facticia

GRUPOS XI: Materias téxtiles e as súas manufacturas

Inclúe:

50. Seda
51. La e pelo fino ou ordinario; fíos e tecidos de crina
52. Algodón
53. As demais fibras téxtiles vexetais; fíos de papel e tecidos de fíos de papel
54. Filamentos sintéticos ou artificiais
55. Fibras sintéticas ou artificiais ou descontinuas
56. Guata, feltro e teas sen tecer; fíos especiais; cordeis, cordas e cabos, artigos de cordoería
57. Alfombras e demais revestimentos para o chan, de materias téxtiles
58. Tecidos especiais; superficies téxtiles con pelo inserido; encaixes; tapi- cería; pasamanería; bordados
59. Tecidos impregnados, recubertos, revestidos ou estratificados; artigos técnicos de materias téxtiles
60. Tecidos de punto
61. Roupas e complementos de vestir, de punto
62. Roupas e complementos de vestir, agás os de punto
63. Os demais artigos téxtiles confeccionados; conxuntos ou surtidos; roupa usada e trapos

A análise do comercio exterior do sector está, xa que logo, baseada nos datos de importacións e exportacións de cada un destes produtos para o período xa mencionado 1995-2002. Nun primeiro apartado, e seguindo en certa maneira a estrutura establecida para a análise económica en xeral, a análise céntrase na evolución das cifras de importación e exportación por produtos no período considerado, vendo ade-

mais a súa relación segundo a taxa de cobertura. Nun segundo apartado, sen chegar a un nivel de detalle excesivo, é importante destacar e desagregar a composición por produtos tanto das importacións como das exportacións, vendo así o peso específico e importancia que cada un deles foi adquirindo sobre o volume total.

3.4.1. EVOLUCIÓN (1995-2002)

A evolución do comercio exterior distingue nun primeiro momento as saídas das entradas, isto é, exportacións e importacións. A súa interrelación vén dada posteriormente pola taxa de cobertura.

IMPORTACIONES POR PRODUCTOS (miles de euros)

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002 (P)
VIII	10.453,4	13.227,1	24.063,3	27.847,9	36.045,7	55.788,2	77.686,4	74.258,2
41	3.241,9	5.760,1	8.328,8	8.215,8	7.326,3	11.587,4	14.792,8	15.218,6
42	5.912,2	7.019,8	14.673,7	18.746,8	26.104,4	40.882,5	57.262,2	56.948,4
43	1.298,8	447,2	1.061,4	885,3	2.615,0	3.318,3	5.631,4	2.091,1
XI	215.588,5	248.996,9	291.828,6	432.793,6	469.755,9	605.353,9	794.261,1	971.586,4
50	463,4	580,6	564,4	1.209,2	1.575,3	3.244,0	3.931,4	8.201,3
51	23.578,3	29.976,7	26.439,1	40.389,2	46.509,3	39.225,4	40.494,0	28.531,2
52	11.395,2	16.189,5	13.817,3	17.077,2	23.291,0	27.274,1	49.337,4	72.393,9
53	1.104,7	1.997,8	2.432,3	3.118,7	8.413,6	7.781,9	4.891,6	5.799,7
54	13.222,3	19.340,0	19.314,1	21.393,0	18.883,2	22.662,2	29.074,5	29.519,9
55	14.745,8	17.940,8	23.527,2	61.915,1	33.114,6	36.230,2	52.286,8	47.034,3
56	8.668,4	10.310,4	11.668,0	15.203,2	15.256,1	12.587,5	14.682,9	14.542,7
57	1.270,5	1.294,0	2.033,2	2.689,5	3.695,6	3.845,6	4.632,6	4.379,9
58	2.831,4	3.885,5	6.486,1	7.810,8	5.222,8	8.700,4	10.285,5	11.356,6
59	2.230,4	3.119,3	3.748,5	3.794,2	6.157,4	11.864,0	7.159,3	7.964,9
60	2.401,6	2.502,6	4.732,4	6.504,2	8.870,3	9.923,8	7.762,5	7.591,8
61	67.857,9	73.263,4	85.247,6	114.795,7	140.070,7	182.791,7	272.669,7	336.358,6
62	61.916,9	63.646,0	86.614,3	124.731,6	143.304,1	226.932,4	286.298,5	383.228,2
63	3.900,6	4.951,1	5.204,8	12.162,1	15.391,9	12.290,9	10.754,3	14.683,6
SUMA VIII+XI	226.041,9	262.224,0	315.891,9	460.641,5	505.801,6	661.142,1	871.947,5	1.045.844,6
Total Galicia	3.950.545,1	4.539.507,6	5.363.202,4	6.296.617,5	6.601.566,2	8.898.370,7	9.419.879,2	9.107.472,8
% total Galicia	5,7%	5,8%	5,9%	7,3%	7,7%	7,4%	9,3%	11,5%

■ Fonte: IGE

Os datos así expostos, en cifras absolutas valoradas en miles de euros, son quizais un pouco confusos e pouco axudan á comprensión da evolución nas importacións do sector. Cabe destacar, iso si, o peso que cada un dos grupos de produtos ten sobre o total das importacións do sector.

Neste sentido, o grupo XI de “Materias téxtiles e as súas manufacturas” supón o 93% do total do volume total, destacando dentro del, tal como se verá en subapartados posteriores, os produtos dos epígrafes 61 e 62: “Roupa e complementos de vestir de punto” e “Roupa e complementos de vestir, agás os de punto” (en conxunto, case un 75% do total no ano 2002). Son, en definitiva, pezas de roupa de vestir elaboradas.

Outro dato a destacar neste contexto é a importancia crecente que as importacións do sector supoñen sobre o total da industria de Galicia. Así, no período considerado, as entradas de produtos de téxtil e confección pasaron de representar un 5,7% a un 11,5% do total de importacións da industria galega, isto é, dobraron o seu peso no conxunto global. A falta de analizar o dato correspondente ás exportacións, este dato reflicte un incremento considerable da presenza de produtos téxtiles e de confección procedentes de terceiros países, así como un grao de apertura importante con respecto ao resto de sectores da industria galega.

EXPORTACIÓNS POR PRODUTOS (miles de euros)

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002 (P)
VIII	18.642,8	19.171,1	30.504,4	32.360,9	33.983,0	50.388,9	60.929,2	61.554,2
41	12.049,7	12.397,7	19.700,6	17.540,5	15.108,2	24.907,0	22.322,4	18.601,8
42	5.840,6	6.320,2	9.918,5	13.507,7	17.984,7	24.814,4	36.665,6	40.339,0
43	752,5	453,2	885,3	1.312,6	890,1	667,4	1.941,3	2.613,4
XI	153.300,2	205.648,3	279.157,5	405.827,4	477.368,9	612.856,5	735.145,8	858.461,7
50	5,4	5,4	43,3	5,4	127,4	295,9	152,5	733,2
51	2.923,9	2.243,6	5.148,9	10.742,5	7.431,5	8.041,5	13.118,9	10.772,6
52	837,8	1.998,4	3.149,3	6.164,6	7.136,4	11.582,0	23.851,7	44.560,3
53	253,0	290,3	760,9	476,0	851,0	1.437,3	1.996,6	2.031,3
54	763,3	635,3	1.677,4	1.632,3	2.410,7	5.846,1	4.747,8	6.722,5
55	1.274,1	1.321,6	2.681,7	6.765,6	6.374,9	10.108,1	10.288,4	12.612,9
56	3.990,7	6.260,7	5.840,0	7.007,8	6.475,3	4.416,9	5.708,1	5.726,6
57	17,4	48,7	112,4	149,7	167,1	374,0	557,4	405,5
58	95,0	199,5	1.069,8	1.260,9	1.034,3	1.079,4	2.605,3	6.068,0
59	438,7	851,6	1.163,0	2.357,2	1.985,7	1.760,8	1.221,5	2.485,6
60	67,9	227,2	144,8	596,8	900,3	1.142,4	1.242,9	1.311,4
61	47.407,2	59.839,2	75.757,0	113.978,9	142.529,4	195.695,5	225.755,9	271.846,5
62	94.419,6	130.643,2	179.543,4	252.253,8	298.477,6	368.600,6	441.215,9	490.114,2
63	806,0	1.083,6	2.066,9	2.437,1	1.467,1	2.476,2	2.682,9	3071,2
SUMA								
VIII+XI	171.943,0	224.819,4	309.661,9	438.188,3	511.351,9	663.245,4	796.075,0	920.015,9
Total								
Galicia	3.440.696,3	4.423.200,2	4.886.635,2	5.371.622,0	6.018.079,6	8.328.565,5	9.281.399,2	9.517.784,3
% total								
Galicia	5,0%	5,1%	6,3%	8,2%	8,5%	8,0%	8,6%	9,7%


■ Fonte: IGE

Para o caso das exportacións do sector, o peso ou significado de cada un dos produtos é bastante similar que no caso anterior. O grupo XI, “Materias téxtiles e as súas manufacturas”, representa algo máis do 93% das exportacións do sector, destacando, igual que no caso anterior, a roupa e complementos de vestir (con cerca do 90% do total).

En relación co conxunto da industria galega, a evolución en porcentaxe das exportacións do sector é positiva, case dobra o seu peso no período considerado (pasa do 5,0% a un 9,7% do total de exportacións da industria). Constatáanse, desta maneira, dúas realidades:

- Crecente apertura cara ao exterior do sector téxtil e de confección (cifras tanto de exportacións como de importacións crecentes para o período 1995-2002)
- Progresiva importancia do sector no conxunto da industria galega, incrementando o seu peso no comercio exterior global


Como complemento a esta primeira aproximación á realidade do comercio exterior do sector, é interesante desagregar e comparar as cifras de entradas e saídas tanto dos grupos de produtos considerados como daqueles en concreto con maior peso específico no volume global. Así, graficamente:



■ Fonte: *Elaboración propia*

As cifras de exportacións e importacións do sector para o período considerado son bastante similares, isto é, non se detecta un desfase moi acentuado entre as entradas e saídas de produtos. Agora ben, é importante destacar que, a pesar da escasa diferenza, o volume de importacións excede na maioría dos anos ao volume de exportacións, e esta realidade vólvese cada vez máis acusada a principios da década presente, é dicir, dende finais dos anos 90 o incremento nas importacións do sector é superior ao aumento das exportacións, derivando iso nun descenso da taxa de cobertura. Unha vez máis, queda na incerteza coñecer qué vai suceder a partir de agora, pois diso dependerá a tendencia a medio e longo prazo.

Realizando unha desagregación por tipos de produtos (e tomando sempre aqueles de maior peso en cada un dos respectivos grupos), a evolución analizada é bastante similar:




■ Fonte: *Elaboración propia*

Con respecto ao primeiro dos grupos analizados (Materias primas e produtos elaborados en peles, coiro e peletería), a tendencia evolutiva debuxa as seguintes conclusións:

- Incremento progresivo tanto das importacións como das exportacións, alternando períodos máis acusados con anos de maior estancamento. Destaca neste sentido a tendencia observada a partir do ano 2001, para o cal se detecta novamente a posibilidade dun cambio de orientación.
- Na liña comentada anteriormente, o incremento das importacións é, en termo medio, superior ao das exportacións.
- Como resultado diso, é posible discernir dúas etapas: unha primeira ata o ano 1999 con superávit na balanza comercial específica deste grupo de produtos, e unha segunda a partir do dito ano onde as importacións superan ás exportacións.

Para o caso do segundo grupo, de maior peso e importancia no conxunto global do sector, a tendencia evolutiva é:



■ Fonte: *Elaboración propia*


É doado observar que, debido á maior representatividade no conxunto global das pezas de roupa de vestir e complementos de vestir (insertas neste grupo XI), a tendencia evolutiva é similar ao caso xeral. Aproximadamente:

- Incremento paulatino ao longo do período considerado tanto das exportacións como das importacións, con cifras bastante parellas. A taxa de cobertura sitúase próxima ao 100%.
- Lixeiro incremento relativo das importacións sobre as exportacións, realidade esta que se acentúa a partir de finais da década dos anos 90, cun incremento superior das entradas de pezas de roupa de vestir e complementos de vestir sobre as saídas deses mesmos produtos.

Dada a importancia e peso que reflicten sobre o conxunto global os produtos antes mencionados (aqueles pertencentes aos epígrafes 61 e 62), é interesante destacar o seu comportamento individual no período considerado, e detectar posibles diferenzas apreciables. Cabe sinalar neste sentido que eses epígrafes corresponden en si a dous subsectores distintos e de gran peso no conxunto global. Non en van, o epígrafe 61 recolle pezas de roupa de vestir e complementos de vestir de punto (xénero de punto) e o epígrafe 62 engloba pezas de roupa de vestir e complementos de vestir agás os de punto (confección).

Para o primeiro dos casos:

PRODUCTOS EPÍGRAFE 61




■ Fonte: *Elaboración propia*

En relación coas pezas de roupa de vestir de punto, a tendencia observada é similar ao caso xeral, cunha acentuación no incremento das importacións a partir de finais dos anos 90. Esa aceleración, non observada para o caso das exportacións, supón un lixeiro desequilibrio na balanza específica, pois significa un volume de entradas crecente e superior ao volume de saídas. Pode non significar unha perda de competitividade das empresas de xénero de punto, mais é importante verificar a tendencia para vindeiros anos co fin de corrixir posibles desfases nada positivos.

No segundo dos casos, "Pezas e complementos de vestir, agás os de punto", a liña tendencial destes anos debuxa un panorama bastante distinto. Son varias as conclusións ao respecto:

- Incremento progresivo tanto das entradas como saídas de produtos elaborados de confección no período 1995-2002, aínda que a taxas algo diferentes.
- O volume de exportacións supera sempre e en todo momento ás importacións, distinguindo aquí dúas fases: unha primeira ata o ano 1999 onde as diferenzas se acentúan, isto é, o incremento das exportacións de produtos de confección é superior ás importacións, e unha segunda onde as diferenzas, lenta pero progresivamente, se van reducindo.

PRODUCTOS EPÍGRAFE 62




■ Fonte: Elaboración propia

- Neste caso específico, o saldo da balanza comercial é positivo para todos os anos considerados.

Dentro da análise conxunta do comercio exterior de produtos é imperativo facer mención da taxa de cobertura: mide esta a capacidade ou o grao en que os ingresos por exportacións cobren ou financian os gastos das importacións.

TAXA DE COBERTURA



■ Fonte: Elaboración propia

En termos globais, e como xa se adiantou en parágrafos anteriores, a taxa de cobertura do comercio exterior do sector aproxímase bastante ao 100%, se ben a tendencia observada debuxa unha liña dispar. Unha vez máis, é posible distinguir dúas etapas:

- Unha primeira ata o ano 1999, en que a taxa de cobertura experimenta un crecemento importante, pasando do 76% no ano 1995 ao 101% no ano 1999. (a maior cifra de importacións vese compensada cada vez máis cun volume crecente de exportacións, chegando a igualar as cantidades totais no ano 1999).
- Unha segunda etapa, de finais da década pasada e inicios desta, onde o incremento das importacións excede ao das exportacións, e polo tanto a taxa de cobertura experimenta un descenso paulatino ata situarse no 88% no ano 2002 (significa isto, por tanto, un déficit comercial específico do sector nestes últimos anos).

Distinguindo por grupos de produtos, a taxa de cobertura parcial varía. No caso das materias téxtiles e as súas manufacturas (grupo XI), a tendencia é similar ao caso xeral (debido ao maior peso deste grupo de produtos sobre o total do sector). Porén, no caso de peles, coiro, peletería e manufactura destas materias, a taxa de cobertura experimentou un descenso constante e paulatino dende mediados da década dos 90, corroborando así o incremento progresivo das importacións sobre as exportacións.

3.4.2. ESTRUCTURA E COMPOSICIÓN

Unha vez analizada a tendencia evolutiva do comercio exterior correspondente ao sector téxtil e de confección de Galicia nos últimos 6-7 anos, é interesante observar, seguindo unha vez máis o esquema trazado no estudo económico, a estrutura e composición tanto das importacións como das exportacións. Só así será posible discernir a tipoloxía de produtos que compoñen a cesta de compras e vendas ao exterior, e dada a importancia crecente que os mercados internacionais supoñen para o sector, é posible perfilar a súa orientación produtiva. Pode dar certas pistas da tendencia económica a curto e medio prazo.

Coa fin de achegar no tempo a análise proposta, os datos están tomados seguindo a clasificación TARIC para o ano 2002. A estrutura desta para o sector téxtil e de confección relaciona e clasifica as materias primas e produtos semielaborados e elaborados en 2 grupos, incluíndo cada un deles distintos epígrafes (tal como se mostra en páxinas anteriores). Sobre esa base analízase a composición do comercio exterior.

Do conxunto das importacións do sector para o ano 2002, unha ampla maioría (máis do 90%) está conformada por produtos englobados no grupo XI, isto é, materias téxtiles e as súas manufacturas. Recolle tanto materias primas como produtos elaborados de confección e xénero de punto. O restante 7% corresponde a produtos de peles, coiros, peletería e as súas propias manufacturas. Esta realidade ten a súa correspondencia na estrutura económica do sector.


Distinguindo por grupos TARIC, pódese observar no seguinte gráfico a composición das importacións de produtos do grupo VIII (de menor peso global). A todas luces é visible o peso e importancia que representan as manufacturas de coiro, os artigos de guarnicio-

nería e talabartería, artigos de viaxe, bolsos de man e continentes semellantes, todos eles agrupados no epígrafe 42; supoñen máis do 75% do total de importacións do grupo correspondente.

Nun segundo lugar, e a gran distancia, están as materias primas (peles e coiros), que representan algo máis do 20% do grupo.

Vendo polo tanto o peso que os produtos de pel, coiro e peletería teñen sobre o global das importacións do sector, e a menor representatividade que dentro deles teñen as materias primas, corrobórase a escasa importancia do subsector na economía galega, no que a compras se refire.


REPRESENT. GRUPO VIII NAS IMPORTACIÓNS 2002



■ Fonte: *Elaboración propia*

A composición do grupo maioritario é a seguinte:

REPRESENT. GRUPO XI NAS IMPORTACIÓNS 2002




■ Fonte: *Elaboración propia*

Da relación extensa de produtos englobados nel, destacan visiblemente a roupa e complementos de vestir, tanto de punto como de confección (representan o 34,62% e o 39,44% respectivamente). En conxunto case o 75% das pezas de roupa de vestir importa-

das. Significa isto que o groso das importacións do sector está conformado por produtos elaborados.

Na porcentaxe restante agrúpanse as diferentes materias primas e demais artigos, destacando deles o algodón (7,45%) e as fibras sintéticas ou artificiais ou descontinuas (4,84%).

Visto isto, é interesante observar a secuencia temporal da composición das importacións do sector, pois só así é posible concluír unha tendencia na compra de produtos para os vindeiros anos. Tomando soamente aqueles de maior peso e representatividade en cada un dos grupos:



■ Fonte: *Elaboración propia*


Conclusións:

- A partir do ano 1996, a composición das compras de peles, coiro, peletería e as súas manufacturas foi variando, seguindo sempre unha clara tendencia diverxente, máis ralentizada nos primeiros anos da década presente.
- O peso dos produtos manufacturados foi en aumento, mentres que diminuíu progresivamente a porcentaxe de materias primas (peles e coiros) compradas. Esa tendencia é constante dende mediados dos anos 90, se ben as porcentaxes se manteñen máis ou menos constantes dende o ano 1999.

Para o caso dos produtos englobados no grupo XI, as conclusións ao respecto son:

- Peso e representatividade similar das pezas de roupa de vestir elaboradas, tanto en confección como en punto, ao longo do período analizado.
- Dentro desa tendencia, si se observa un incremento lento pero constante a partir do ano 1999. Significa isto que do conxunto de materias téxtiles e as súas manu-

facturas, as pezas de roupa de vestir elaboradas teñen un peso cada vez maior sobre as materias primas dentro das importacións.



■ Fonte: *Elaboración propia*

En xeral, e agrupando distintas ideas vistas ata o momento, cabe destacar do conxunto das importacións do sector a importancia e peso superior e crecente que as pezas de roupa de vestir elaboradas teñen sobre as materias primas, tanto de pel, coiro e peletería como doutros materiais para confección e punto. Esta realidade, observada principalmente a partir de finais da década pasada, está quizais moi ligada á progresiva tendencia a desviar a produción cara terceiros países, diminuíndo así a importancia dos procesos de manufactura na industria galega.


Vemos agora o outro lado do comercio exterior, é dicir, ás vendas en mercados internacionais.

Tomando igualmente datos para o ano 2002, e distinguindo entre os grupos TARIC xa comentados, a análise mostra:

- A composición das exportacións por grupos TARIC é similar ao caso anterior.
- O peso das peles, coiro, peletería e as súas manufacturas aproxímase ao 7% do total das vendas. Pola contra, algo máis do 93% corresponde aos produtos do grupo XI, materias téxtiles e as súas manufacturas.

Distinguindo por grupos:

REPRESENT. GRUPO VIII NAS EXPORTACIÓNS 2002




■ Fonte: *Elaboración propia*

Conclusións:

- O maior peso no grupo de peles e coiro corresponde, igual que para as importacións, ás manufacturas de coiro, artigos de guarnicionería e talabartería, artigos de viaxe, bolsos de man e continentes semellantes (con algo máis do 65% do total do grupo, porcentaxe inferior que no caso das importacións).
- Nun segundo lugar colócanse as materias primas propias do grupo (peles e coiros) cun 30% das exportacións.
- A estrutura é, por tanto, moi similar que no caso das importacións, isto é, maior peso das pezas de roupa de vestir manufacturadas sobre as materias primas.


Analizando novamente o grupo máis representativo (grupo VIII) e a súa estrutura nas exportacións, extraemos as seguintes conclusións:

- É claramente visible o maior peso que no conxunto das exportacións teñen as pezas de roupa de vestir e complementos de vestir de confección (representan case un 60% do total do seu grupo, e algo máis do 50% do total das exportacións do sector).
- As pezas de roupa de vestir e complementos de vestir de punto sitúanse en segundo lugar en orde de importancia, con algo máis do 30% do total do seu grupo.
- Se temos en conta, en global, as pezas de roupa de vestir e complementos de vestir, tanto de punto como de confección, o seu peso no total de exportacións do grupo acada o 90%. Sobre o total de exportacións do sector supoñen algo máis do 80% (aquí radica a principal característica das vendas exteriores do sector).



■ Fonte: Elaboración propia

Visto isto, podemos observar a tendencia en porcentaxes nos últimos anos, resaltando aqueles produtos de maior importancia. Así, temos que:




■ Fonte: Elaboración propia

Na cesta de vendas ao exterior do grupo de produtos de peles, coiro, peletería e as súas manufacturas, a porcentaxe de cada un deles sobre o total non sempre se mantivo nos niveis observados para o ano 2002. De feito, se analizamos a secuencia dende mediados dos anos 90, a representatividade varía radicalmente.

No ano 1995 as materias primas superaban en peso aos produtos elaborados en pel e coiro en case 30 puntos porcentuais. No ano 2002 a representatividade é inversa: as manufacturas de pel e coiro superan en peso ás materias primas en algo máis de 30 pun-

tos porcentuais. Observando o gráfico, a diverxencia prodúcese a partir do ano 1997 e acentúase a partir do ano 2000. Significa isto que, dentro das marxes nas que se desenvolve este subsector tan específico, a súa presenza en mercados internacionais é cada vez maior, pois incrementábase o volume de exportacións e, ao mesmo tempo, as exportacións de pezas de roupa de vestir elaboradas.

Para o grupo de produtos XI:




■ Fonte: *Elaboración propia*

- A diferenza do caso anterior, o maior peso das pezas de roupa de vestir e complementos de vestir de confección sobre os de punto (visto para o ano 2002) mantívose sempre en porcentaxes similares ao longo do período considerado (dende mediados da década pasada).
- En conxunto manteñen igualmente unha representatividade similar, e moi superior en todo caso ás exportacións de materias primas (coincidindo igualmente coas características da estrutura produtiva do sector en Galicia).

3.4.3. ANÁLISE SEGUNDO ÁREA XEOGRÁFICA

Este subapartado, último do capítulo correspondente á análise do comercio exterior do sector téxtil e de confección de Galicia, pretende mostrar, *grosso modo*, cal ou cales son os principais puntos de orixe e destino das compras e vendas de produtos, tanto de materias primas como de pezas de roupa de vestir elaboradas. Corrobórase así a localización dos principais mercados internacionais, tanto de provedores como de clientes do sector.

Para o sector en xeral:




■ Fonte: Elaboración propia

Conclusións:

- A Unión Europea é o principal mercado de destino dos produtos exportados (absorben algo máis do 70% do total das exportacións). Nun segundo lugar, cun 25% do total de vendas, sitúase o resto do mundo, entendido este como o conxunto de países excepto Europa e EE.UU.
- En canto ás importacións, novamente a UE configúrase como o principal mercado provedor, se ben as porcentaxes de distribución entre as distintas áreas xeográficas difiren un pouco. O 55% das entradas proveñen da UE e algo máis do 35% do resto do mundo. Neste caso, determinados países europeos non pertencentes á Unión posiciónanse en terceiro lugar como zonas provedoras tanto de produtos como de materias primas, mais non receptoras delas.

Distinguindo por tipoloxía de produtos, e seguindo novamente a clasificación TARIC, inclúese:


PRODUTOS EPÍGRAFE 41



■ Fonte: Elaboración propia

- Para o caso das materias primas de peles e coiros, o total das exportacións están dirixidas á UE. No tocante ás importacións, a distribución por áreas xeográficas difire lixeiramente, sendo, por esta orde, as principais zonas provedoras a UE, o resto do mundo, e os países europeos non incluídos na zona común.

PRODUTOS EPÍGRAFE 42




■ Fonte: Elaboración propia

- No tocante aos produtos manufacturados de pel, coiro e peletería, é posible apreciar certas diferenzas.

- Novamente a UE é o principal cliente do sector galego, se ben unha porcentaxe reducida dos produtos considerados están destinados a outros países europeos fóra da Unión e ao resto do mundo.
- Con respecto ás importacións de produtos manufacturados en pel, coiro e peletería, o resto do mundo é o principal provedor (con algo máis do 60% do total de entradas), moi en liña probablemente coa estratexia de deslocalización produtiva de pezas de roupa de vestir.


En relación coas pezas de roupa de vestir manufacturadas de confección e punto:



■ Fonte: *Elaboración propia*

- Observando o gráfico, a UE configúrase como o principal mercado provedor e cliente das pezas de roupa de vestir e complementos de vestir de xénero de punto.
- Os países enmarcados na área xeográfica “resto do mundo” teñen neste caso unha presenza substancial (non maioritaria) tanto no que respecta ás importacións como ás exportacións (cunha porcentaxe algo superior no primeiro caso).

Se observamos o seguinte gráfico, elaborado para as pezas de roupa de vestir e complementos de vestir de confección:



■ Fonte: *Elaboración propia*

- A distribución de compras e vendas por área xeográfica é similar ao caso das pezas de roupa de vestir de punto, salvo para as importacións.
- A U.E. configúrase de novo como o principal mercado cliente das pezas de roupa de vestir de confección (absorbe case o 70% das exportacións galegas de téxtil e confección). En segundo lugar, recollendo case a porcentaxe restante, sitúanse os países do resto do mundo.
- No que respecta ás importacións, as porcentaxes modificanse. O principal mercado proveedor de pezas de roupa de vestir e complementos de vestir de confección sitúase na área denominada "resto do mundo" (con algo máis do 55% do total de entradas dese produto). Da UE proceden o 35% das pezas de roupa de vestir mencionadas. Esta situación, unha vez máis, está bastante ligada ao proceso comentado de deslocalización produtiva do sector, desviando cara a terceiros países de man de obra máis barata a produción de pezas de roupa de vestir e outros produtos.